



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de agosto de 2023 (1527/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte minutos do día once de agosto de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(654).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 28 de xullo e extraordinarias e urxentes do 28 e 31 de xullo de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(655).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS A ORGANIZACIONS NOS GOBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACION DE PROXECTOS DE COOPERACION INTERNACIONAL (2023). EXPTE. 247151/301.

Visto o informe de fiscalización do 04/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 30/06/2023, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, o

asesor xurídico adxunto ao Servizo e pola concelleira da Área de Goberno de Política Social e Turismo, que di o seguinte:

I. INFORME

Tramitado polo Servizo de Benestar Social o correspondente expediente de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional no exercicio de 2023, resultan os seguintes feitos:

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09.02.2023 aprobáronse as bases e a convocatoria de «SUBVENCIONES A ORGANIZACIONES NON GUBERNAMENTAIS DE DESARROLLO (ONGD) PARA LA REALIZACION DE PROYECTOS DE COOPERACION INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2023. CONCELO DE VIGO (POLITICA DE BIENESTAR SOCIAL)» e os seus Anexos I – V (BOP nº 35, do 20.02.2023 e o extracto da convocatoria no BOP nº 37, do 22.02.2023).

I.2. Tramitado o expediente conforme ó disposto nas bases da convocatoria, o órgano instrutor, vista a proposta non vinculante de valoración realizada pola Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento de data 07.06.2023, da proposta de resolución provisional de data 08.06.2023, publicada na sede electrónica do Concello de Vigo, por prazo de dez (10) días, e da comunicación por escrito da aceptación da subvención polas entidades propostas como beneficiarias, así como a aceptación da reformulación por parte da Comisión Avaliadora, mediante Acta complementaria do 28.06.2023, da subvención por parte da ONGD SEMILLA PARA EL CAMBIO, **formula proposta de resolución** á Xunta de Goberno Local, achegando as Actas da citada da Comisión na que se detalla a proposta de concesión de subvencións.

I.3. Existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó gasto representado pola resolución desta convocatoria de subvencións na aplicación nº 2310.480.00.01 (“Convocatoria subvencions cooperación”) do vixente orzamento de gastos (60.000€). Existe tamén documento contable (RC202300007301) por esa mesma contía.

I.4. As subvencións concedidas serán dun importe máximo de 15.000€ por cada proxecto subvencionado (Base 5ª, *in fine*). O reparto do crédito dispoñible establécese en función da puntuación obtida ó valorar de xeito obxectivo todas as solicitudes, de acordo cos criterios de valoración establecidos na Base nº 11, seleccionando ós cinco (5) proxectos que obtiveron as maiores puntuacións (90 pts. ou máis).

I.5. As entidades solicitantes presentaron as correspondentes certificacións de estaren ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Faise constar tamén que da información que obra no expediente resultaría que cumpren con todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das subvencións.



Concello de Vigo

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Conceder, provisionalmente, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 “Convocatoria subvencións cooperación” do vixente orzamento, a cantidade de 59.999,31 € en concepto de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional no exercicio de 2023, segundo o seguinte detalle:

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	Puntuación	SUBVENCIÓN
FUNDACION VICENTE FERRER – Contraparte: Rural Development Trust (RDT)	G09326745	Acceso ao dereito á vivenda digna con saneamento axeitado desde una perspectiva de xénero para 51 familias da comunidade rural de Tenagallu (Anantapur, India).	94	12.300,84
COLABORACION Y ESFUERZO – Contraparte: ACOES Honduras	G15730542	Centro “Santa Mónica”: Proyecto de prevención social en niños y jóvenes de grupos en situación de riesgo de exclusión social a través de un programa de educación inclusiva en áreas urbanas empobrecidas en Tegucigalpa (Honduras)	93	12.169,98
SOLIDARIDAD EDUCACION Y DESARROLLO - Contraparte: Fundación Marista	G80547565	“Garantizada una educación técnica-profesional de calidad que promueve la educación para un desarrollo sostenible en el ICTV Jesús Obrero en Sacacoyo (El Salvador)”	91,5	11.973,69
ASOCIACION AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES – Contraparte: Hnas. Del Amor de Dios	G27794445	AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES – Cajamarca (Perú)	90	11.777,40
SEMILLA PARA EL CAMBIO – Contraparte: Divya Jyoti Disabled Development Society	G70221320	Mellora do programa educativo e fortalecemento da igualdade de xénero en Varanasi (India)	90	11.777,40
			458,5	59.999,31
			130,86	

SEGUNDO: As entidades que non obteñen subvención con cargo a esta convocatoria de 2023 de «SUBVENCIÓN A ORGANIZACIÓNS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL (2023)», por acadar unha puntuación inferior a 90 puntos, son as catro (4) que se relacionan na seguinte Táboa:

<i>NOME ENTIDADE</i>	<i>NIF</i>	<i>PROXECTO</i>	<i>Puntuación</i>
ASOC AMAP. (ASOC MUNDIAL AYUDA A PUEBLOS NECESITADOS) -Contraparte: Asoc. Para la erradicación dela pobreza	G84985753	Mejora de la calidad de vida, a través del acceso al saneamiento en la unidad educativa de la comunidad indígena de Cotoquita del municipio de San Ignacio de Velasco (Bolivia)	89,5
AZADA VERDE – -Contraparte: ESMABAMA	G87905634	Garantizando los derechos básicos de 202 niños y niñas huérfanas (Mozambique)	88,5
FUNDACIÓN PROCLADE– -Contraparte: Misiones Claretianos, Haití	G81364457	Agua Limpia y Saneamiento – FASE II. Empoderamiento de la población haitiana de Sabambon para la captación, gestión y consumo de agua pluvial (Haiti)	84,5
ASOC EGUEIRE- -Contraparte: ONG Egueire Côte d’Ivoire	G70186630	Gañar saúde, traballar en común para mellorar as condicións de vida (Costa de Marfil)	76,5

TERCEIRO: Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(656).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO PARA A XERACIÓN E INCORPORACIÓN DE NOVOS CONTIDOS INTERACTIVOS DE DIFUSIÓN TURÍSTICA E PATRIMONIAL DA CIDADE NA APP MÓBIL VIGO. EXPTE. 10084/113.

Visto o informe de fiscalización do 08/08/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 28/07/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación



Concello de Vigo

c) Procedemento aberto para a contratación dun servizo para a xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo (10084-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dun servizo para a xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo (10084-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto de servizos e tramitación ordinaria coa finalidade de realizar a contratación dun servizo de xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo.

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 06/03/2023 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 06/03/2023 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 21/03/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 28/04/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

- Memoria xustificativa do contrato de data 23/05/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal

- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 24/05/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 24/05/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **69.997,77 €**, que inclúe un IVE de 12.148,37 € , dende o 1 de xuño de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.6400006	2023	12.148,37 €	57.849,40 €	69.997,77 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de xullo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 13 de xullo de 2023, de VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. polo motivo previsto na cláusula 14.2.B do PCAP (“A incorporación a este sobre (sobre B) dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dun servizo para a xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo (10084-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	NOSO PLANS E PROXECTOS	98,00

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, NOSO PLANS E PROXECTOS, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.”



Concello de Vigo

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NOSO PLANS E PROXECTOS, o día 20 de xullo de 2023, que presenta a documentación requirida o 21 de xullo de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de xullo de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NOSO PLANS E PROXECTOS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NOSO PLANS E PROXECTOS, de acordo cos informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor, de data 10 de xullo de 2023 e do acordo da Mesa de Contratación do 13 de xullo de 2023 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliada a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 13 de xullo de 2023, de Van Divulgación Cultural, S.L. polo motivo previsto na cláusula 14.2.B do PCAP (“A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”).*

2. *Adxudicar a NOSO PLANS E PROXECTOS o procedemento aberto para a contratación dun servizo para a xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo (10084-113) coas seguintes condicións:*

a) O prezo total do contrato é de 62.855,87 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.908,87 euros.

b) Incorpora as seguintes funcionalidades:

- Visor web navegable de imaxes 360º con puntos de interacción para navegar entre elas.*
- Creación dun portal web de consulta e procura das postais históricas dixitalizadas no proxecto.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(657).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RUTAS MARÍTIMAS GUIADAS GRATUÍTAS POLA RÍA DE VIGO. EXPTE. 250002/301.

Visto o informe de fiscalización do 08/08/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 04/08/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola ría de Vigo (250.002-301)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola ría de Vigo (250002-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola Ría de Vigo da Concellería de Política de Benestar Social, enmarcado no «PROGRAMA DE AVELLANTAMENTO ACTIVO: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 5), as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 69 e 10, respectivamente), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 8), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 19.05.2023 (trámite n.º 71), os documentos económicos emitidos o 23.03.2023 polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 13-14) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato, 70.180€ (IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.226.09.02 (“Vigo, cidade amiga dos maiores”) e, de ser o caso, a súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades (con IVE):

- 2023: 35.090 €
- 2024: 35.090 €

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de xullo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola ría de Vigo (250002-301) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA	88,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA, o día 26 de xullo de 2023, que presenta a documentación requirida o 2 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de agosto de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA, de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 12 de xullo de 2023 e do acordo do 20 de xullo de 2023 polo que se lle outorga a máxima puntuación na proposición avaliable a través de fórmula (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA (F-27.839.752) o procedemento aberto para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola ría de Vigo (250002-301) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo máximo do contrato é de 70.180,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.180,00 euros, cunha porcentaxe de desconto do 4,4% a aplicar ao prezo unitario por persoa usuaria e ruta previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- b) *Comprométese a achegar, no prazo dos 15 días seguintes ao remate de cada anualidade, a seguinte documentación:*
 - *Estudos do perfil básico das persoas usuarias da actividade (procedencia, nivel de formación e forma de coñecemento da actividade).*
 - *Enquisas do nivel de satisfacción dos usuarios (ruta, organización e persoal, barco e equipamento e comunicación).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(658).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (TACGAL) DOS RECURSOS INTERPOSTOS CONTRA OS ACORDOS DE EXCLUSIÓN E DE DECLARACIÓN DE DESERTA DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE NAS INSTALACIÓNS DE CEDRO E NOS CMSS DE BENESTAR SOCIAL DE COIA, RIVERA ATIENZA, TEIS E CASCO VELLO:

A) RESOLUCIÓN Nº 135/2023 RECAÍDA NO RECURSO Nº 121/2023, INTERPOSTO POR EULEN SEGURIDAD SA .EXPTE. 2926/315:

Dáse conta da proposta de data 08/08/2023, asinada pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 135/2023 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 121/2023, interposto por EULEN SEGURIDAD SA contra os acordos de exclusión e de declaración de deserta da contratación dos servizos de vixilancia e seguridade nas

instalacións de CEDRO e nos CMSS de Benestar Social de Coia, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello. No caso de CEDRO, inclúe tamén o mantemento do sistema de seguridade antiintrusión e antiincendios, expediente 2926-315 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL estima o recurso.

Faise constar que a Xunta de Goberno, na sesión do 30 de xuño de 2023, acordou aprobar o informe asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e a concelleira delegada no que se propoñía no fundamento xurídico V *“Á vista do exposto polo recorrente, procede allanarse a súa pretensión, e solicitar que o Tribunal acorde a retroacción do procedemento para deixar sen efecto o acordo de exclusión do licitador e a declaración de deserto do procedemento”*.

A exclusión do recorrente debeuse á inscrición no ROLECE dunha prohibición de contratar que foi recorrida e solicitada mediada cautelar de suspensión ante a Sala de lo Contencioso de la Audiencia Nacional. Por Decreto de 10 de maio de 2023 da Sección Sétima da Sala de lo Contencioso-Administrativo de la Audiencia Nacional (P.O. 639/2023), admitiuse a trámite o recurso e se ordenou a constitución de peza separada para acordar a medida cautelar solicitada. Esta medida cautelar foi deixada sen efecto por Auto da Sección 7 da Audiencia Nacional, de 8 de xuño de 2023.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar o recurso interposto por EULEN SEGURIDAD SA contra os acordos de exclusión e de declaración de deserta a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade nas instalacións de CEDRO e nos CMSS de Benestar Social de Coia, RiveraAtienza, Teis e Casco Vello. No caso de CEDRO, inclúe tamén o mantemento do sistema de seguridade antiintrusión e antiincendios, expediente 2926-315 do Concello de Vigo.
2. Levantar a suspensión acordada no seu día.
3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

2º.- Dar traslado do expediente ás Áreas de Benestar Social e Contratación aos efectos da anulación da exclusión do recorrente, que deberá ser reintegrado ao procedemento de licitación, e asemade, da anulación do acordo que declarou deserta a dita contratación, tendo en conta a resolución 135/2023 Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) RESOLUCIÓN Nº 136/2023 RECAÍDA NO RECURSO Nº 124/2023, INTERPOSTO POR SEGURSYSTEM EUROPA SLU. EXPTE. 2926/315.

Dáse conta da proposta de data 08/08/2023, asinada pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:



Concello de Vigo

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 136/2023 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 124/2023, interposto por SEGURSYSTEM EUROPA SLU contra os acordos de exclusión e de declaración de deserta da contratación dos servizos de vixilancia e seguridade nas instalacións de CEDRO e nos CMSS de Benestar Social de Coia, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello. No caso de CEDRO, inclúe tamén o mantemento do sistema de seguridade antiintrusión e antiincendios, expediente 2926-315 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL estima o recurso.

A exclusión foi acordada na sesión da Mesa de Contratación do 1 de xuño de 2023 *“por entender que o licitador recoñece que a súa oferta adoece dun erro que a fai inviable (suposto recollido no artigo 84 do RXLCAP e na cláusula 14.2c) do PCAP”*.

O TACGAL entende que *“semella claro que cabería deducir da oferta presentada que o importe recollido na oferta viña referido a unha anualidade, e así se confirmou polo propio licitador en escrito posterior presentado ante a mesa de contratación. Sendo así, cabe entender que nos atopamos ante un mero erro que non impide o correcto coñecemento da vontade do licitador, polo que sería admisible a súa aclaración, sen que esta determinase a súa exclusión”*.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar o recurso interposto por SEGURSYSTEM EUROPA SLU contra os acordos de exclusión e de declaración de deserta a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade nas instalacións de CEDRO e nos CMSS de Benestar Social de Coia, RiveraAtienza, Teis e Casco Vello. No caso de CEDRO, inclúe tamén o mantemento do sistema de seguridade antiintrusión e antiincendios, expediente 2926-315 do Concello de Vigo.

2. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

2º.- Dar traslado do expediente ás Áreas de Benestar Social e Contratación aos efectos da anulación da exclusión do recorrente e do acordo de declaración de deserta da licitación, tendo en conta a resolución 136/2023 Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(659).- RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN E REINTEGRO DO IMPORTE ANTICIPADO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA A FOMENTO DE CENTROS DE ENSEÑANZA S.A

PARA A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 22097/333.

Visto o informe de fiscalización do 04/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/06/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, a letrada-asesora de Asesoría Xurídica, o concelleiro-delegado de Deportes e pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno local mediante acordo do do 22 de xullo de 2022, dentro do procedemento de concorrencia competitiva, outorgou ao centro educativo FOMENTO DE CENTROS DE ENSEÑANZA, SA unha subvención por importe de 150.000,00€ para coadxuvar o financiamento do proxecto básico de equipamento coa construción dunha grada con vestiarios integrados. Expte. 21665-333.

2.- Mediante escrito de data 28 de outubro de 2022 (expte. 22097-333) da entidade beneficiaria, iníciase o procedemento de xustificación da subvención. Con dito escrito presenta documentación que se completa mediante escritos de datas 2 e 28 de decembro de 2022.

3.- Finalizado prazo de xustificación da subvención, os arquitectos municipais informan o 17/18 de xaneiro de 2023 sobre o estado das obras e sobre a documentación técnica achegada

4.- Con data 3 de febreiro de 2023 a xefatura de Deportes emite informe-proposta, conformado polo Concelleiro de Deportes, no que se propón o seguinte:

- *“Aprobar a perda do dereito ao cobro da subvención proposta aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xullo de 2022 e o reintegro do 50% xa percibido pola entidade”.*

4.- Con data 10 de marzo de 2023 emítese informe xurídico favorable á proposta de resolución do servizo de Deportes.

5.- Con data 20 de marzo de 2023 o Interventor Xeral do Concello de Vigo informa favorable a porposta do servizo de Deportes á perda do dereito ao cobro da subvención e ao reintegro do importe anticipado á entidade beneficiaria.

6.- Con data 27 de marzo de 2023 emítese informe xurídico sobre o procedemento de reintegro.

7. Trámite de audiencia á beneficiaria do 27 de abril de 2023, notificado o mesmo día 27 de abril de 2023.

8.- Con data 27 de abril de 2023 FOMENTO DE CENTROS DE ENSEÑANZA, SA recibe o trámite de audiencia previo á resolución municipal, para que no prazo de 15 días, a entidade



Concello de Vigo

interesada poda examinar o procedemento instruído polo servizo de Deportes, formular alegacións e achegar cantos documentos e xustificacións considere oportunos. O día 27 de abril de 2023 notificase dito trámite á entidade. Xunto con dito trámite achégase copia dos seguintes trámites esenciais:

1. Informe dos arquitectos municipais do 17/18 de xaneiro de 2023.
2. Informe proposta do servizo de Deportes con data 3 de febreiro de 2023
3. Informe xurídico do 10 de marzo de 2023
4. Informe de Fiscalización da Intervención Municipal do 20 de marzo de 2023

5.- Con data 16 de maio de 2023 a entidade interesada presenta escrito no que basicamente alega que:

- que a entidade presentou as tres ofertas/orzamentos requiridas nas bases, previas execución da obra e que foi seleccionada a entidade que achegou a oferta mais vantaxosa
- que a obtención da licenza urbanística para a obra foi un dos grandes obstáculos para non poder executada a tempo e no prazo indicado
- que o prazo transcorrido entre a obtención da licenza e a visita dos técnicos é de 25 días hábiles, polo que non se respectou o prazo do Convenio da Construcción (non indica a qué prazo refírese)
- que a obra executada nun 72,02% foi “comunicada e aceptada” polo Concello
- que o atraso na obra debeuse a diferentes motivos: guerra de Ucraína e a climatoloxía intempestiva desas datas segundo os datos de MeteoGalicia

6. Á vista de ditas alegacións os arquitectos municipais encargados do seguimento de ditas obras emiten informe con data 12/13 de xuño de 2023.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das AAPP
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG)
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- RD 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS)
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e regulamento de desenvolvemento.
- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

- Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais (RSCL).
- Bases de execución do presuposto Xeral da Corporación

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Alegacións presentadas pola entidade

As alegacións presentadas pola beneficiaria da subvención dentro do trámite de audiencia outorgado con carácter previo á resolución do procedemento non desvirtúan a proposta do servizo de Deportes, relativa á perda dereito ao cobro da subvención e ao reintegro do importe recibido en concepto de anticipo.

Deuse traslado das alegacións presentadas aos arquitectos municipais encargados do seguimento das obras obxecto da subvención. Con data 12/13 de xuño de 2023 emitiron o seguinte informe en resposta ao alegado, que literalmente dí:

Primeiro.

A base 6a da convocatoria establece, entre outras obrigas dos beneficiarios, b) "executar a actuación subvencionada consonte o proxecto presentado coa solicitude" e h) "executar a obra de acordo co proxecto en base ó cal se concedeu a licenza e conforme as prescricións sinaladas e autorizacións sectoriais preceptivas".

No procedemento de adxudicación da subvención os solicitantes plantexaron a execución da totalidade da obra (graderío e vestiarios) coma unha única obra na que non se contemplaban fases de execución. Na data da visita e do informe técnico (27/12/2022) non estaba rematada a obra nos termos esixidos na base 6a da convocatoria.

Segundo

A Xunta de Goberno local aprobou na Sesión ordinaria do 22 de xullo de 2022, outorgar unha subvención por importe de 150.000,00 € para coadxuvar o financiamento do proxecto básico de equipamento no centro educativo Fomento Centros de Enseñanza S.A coa construción dunha grada con vestiarios integrados.

A solicitude de licenza foi rexistrada na Xerencia Municipal de Urbanismo o 15/09/2022 (cáseque dous meses despois da concesión da subvención) presentando un proxecto básico asinado polo arquitecto D. Pablo Ledo Pérez con data de novembro de 2021. A concesión de licenza por resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo ten data de 11/11/2022 condicionando o inicio da obra á presentación previa do proxecto de execución.

Iste proxecto de execución foi presentado na Xerencia de Urbanismo o 27/12/2022, ou sexa, o mesmo día da visita dos técnicos municipais á obra. Polo tanto, a obra que se tiña executado ata ese día (construcción de cimentación e dos prefabricados de formigón da grada) pode considerarse que se executou sen axustarse ó procedemento establecido, xa que foi construída sen ter presentado e tramitado o proxecto de execución preceptivo.

En consecuencia, consideramos que Fomento Centros de Enseñanza S.A. non actuou ca dilixencia necesaria para conseguir obter a preceptiva licenza de obras que posibilitase executa-la obra nos prazos establecidos.

Terceiro

Tal e coma se indicou no primeiro punto, a adxudicación da subvención basease na proposta que os solicitantes plantexaron no procedemento de adxudicación da subvención e no proxecto básico redactado e asinado polo arquitecto D. Pablo Ledo Pérez con data de novembro de 2021 e presentado para a solicitude de licenza o 15/09/2022, no que se explica a obra a executar:

"Diseñar unas gradas con vestuarios en su parte inferior sobre rasante, destinadas a uso deportivo.



Concello de Vigo

- En la zona interior o inferior, se plantean dos vestuarios adaptados para los equipos, ya que cuentan con 5 duchas más 1 adaptada y dos inodoros siendo uno de ellos también adaptado. Además, hay dos vestuarios con ducha, lavabo e inodoro en formato individual para el personal externo también adaptado y un cuarto que alberga las instalaciones necesarias para el correcto funcionamiento de los servicios.
- En la parte superior o exterior del equipamiento, se encuentran las gradas para el público cubiertas con un cerramiento ligero, que las tapa completamente. Se accede a ellas a través de dos escaleras, dispuestas en ambos laterales de la construcción. Dejando unos asientos a cota de suelo para las personas con movilidad reducida.”

Non existen dúas fases na construción da obra no proxecto básico que obtivo licenza nin na documentación presentada pola entidade no procedemento de concesión da subvención polo que non se cumpre as condicións da base 6a da convocatoria, xa que non se executou a totalidade da obra subvencionada no prazo establecido.

Salientamos ademáis que nin siquiera se chegou a completa-la execución desa primeira fase de obra, que a entidade insiste en definir de xeito erróneo que é o obxecto da subvención.

Cuarto

Para dar contestación ó cuarto apartado da alegación transcribimos o que xa informamos tra la visita á obra do 27/12/2022:

Xirada visita ó inmovible de referencia en data 27/12/2022, compróbase que a obra de construción do "Graderío con vestiarios integrados" atópase en curso e non está rematada xa que somentes se atopa construída a cimentación e estrutura de formigón do graderío. Para o remate da obra, e conforme ó especificado no proxecto básico que obtivo licenza e na documentación presentada polos solicitantes que foi obxecto de valoración e pola que se concedeu a subvención, faltaría por executar:

- A estrutura de cuberta do graderío, a cuberta do mesmo, as instalacións, as varandas e resto de elementos que non sexan estrutura de formigón.
- A totalidade dos vestiarios plantexados baixo a grada, dos que non existe construción algunha executada a día de hoxe.



Imaxes do estado da construción da visita do 27/12/2022

O proxecto de execución ten data de entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do 27/12/2022 cun presuposto total (IVE incluído) de 269.377 71 € (lembramos que nas bases estipulábase o 1 de novembro de 2022 como data límite para dar cumprimento as finalidades para as que se concedeu a subvención).

O presuposto do proxecto de execución non se corresponde co que aparece nas certificacións de obra.

No Expediente 22097/333 e no documento 220341228 relativo á documentación xustificativa achegada pola entidade solicitante compróbase a presentación de certificacións de obra que non teñen as partidas desglosadas, non teñen prezos unitarios dos diversos traballos nin liñas

de medición que permitan comproba-lo realmente executado. Os importes económicos destas certificacións de obra non se corresponden co presuposto do proxecto de execución.

Plantéxase nesta documentación a execución da obra en dúas fases (fase 1 para o graderío e fase 2 para os vestiarios). Isto non se corresponde co solicitado no procedemento de adxudicación da subvención xa que os solicitantes plantexaron a execución da totalidade da obra (graderío e vestiarios) coma unha única fase e, en base a esa proposta, foron adxudicatarios da subvención polo que para cumprilo acordado terían que ter rematada a totalidade da obra.

Achega unha acta de recepción de obra da fase 1 (graderío) e unhas fotografías nas que se pode comprobar que o graderío non está rematado xa que non conta con cuberta polo que a acta de recepción achegada (que ademáis non é da totalidade da obra subvencionada) non é válida xa que non se corresponde ca realidade construída. Nas bases da subvención esixíase a presentación de certificado final de obra asinado por técnico competente, acta de recepción e fotografías da obra realizada e finalizada, cuestión que non se cumpre.

Para poder estima-lo importe e a porcentaxe da obra executada ata a data da visita temos que tomar coma base as partidas de obra e os prezos do presuposto do proxecto de execución xa que é o único documento no que existen unhas medicións desglosadas das diversas partidas de obra. Atendendo pois ó recollido no proxecto de execución, estímase que ata o día de hoxe se teñen executado as seguintes partidas cos seguintes importes:

PARTIDA	CANTIDADE	PREZO	IMPORTE (€)
MOVIMIENTO DE TIERRAS			
M3. Excavación en terreno flojo	86,53	16,00	1384,48
M3. Excavación en zapatas de pilares	50,00	42,00	2100,00
M3. Excavación en zapatas arranque escalera	0,72	70,00	50,40
CIMENTACIÓN Y SANEAMIENTO HORIZONTAL			
M3. Hormigón en masa para limpeza	5,12	59,71	305,72
M3. Hormigón amado en zapatas	55,60	89,20	4959,52
M. Red de toma a tierra de la estructura	65,50	4,05	265,28
ESTRUCTURA HORMIGÓN PREFABRICADA			
M3. Hormigón armado pilares	10,00	1500,00	15000,00
M3. Hormigón armado en vigas prefabricadas	6,00	3000,00	18000,00
Ud. Bancada de hormigón prefabricado	24,00	225,00	5400,00
Ud. Peldaños de hormigón	24,00	79,00	1896,00
GESTIÓN DE RESIDUOS			
Ud. Gestión de residuos	0,28	2618,90	733,30
CONTROL DE CALIDAD			
Ud. Control de calidad hormigón y aceros	1,00	2000,00	2000,00
SEGURIDAD Y SALUD			
Ud. Seguridad y coordinación	0,28	2000,00	560,00
IMPORTE TOTAL EJECUCIÓN MATERIAL			52654,70



Concello de Vigo

En consecuencia, estimamos que se ten executado o 28'75% da obra total contemplada no proxecto de execución e que foi obxecto de subvención.

Todo isto nos leva a concluir que non se cumpriron as condicións establecidas no prego que establece as condicións do procedemento de adxudicación da subvención xa que a obra non se atopaba rematada na data límite fixada no procedemento de outorgamento da subvención.

Segundo o informe técnico transcrito queda acreditado que a beneficiaria non deu cumprimento aos requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Segundo.- Perda do dereito ao cobro

Segundo o art. 89 da LXS producírase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalguna das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións (causas de reintegro).

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobro da subvención será o establecido no artigo 42 da Lei Xeral de Subvencións (procedemento de reintegro).

A motivación da perda do dereito e reintegro propostos ven fundamentada nos seguintes informes:


I. Informe técnico do 17/18 de xaneiro de 2023

Recibida a documentación xustificativa da subvención presentada pola entidade beneficiaria, os arquitectos municipais informan o seguinte:

“Graderío con vestiarios integrados.

Xirada visita ó inmovible de referencia en data 27/12/2022, compróbase que a obra de construción do “Graderío con vestiarios integrados” atópase en curso e non está rematada xa que somentes se atopa construída a cimentación e estrutura de formigón do graderío. Para o remate da obra, e conforme ó especificado no proxecto básico que obtivo licenza e na documentación presentada polos solicitantes que foi obxecto de valoración e pola que se concedeu a subvención, faltaría por executar:

- A estrutura de cuberta do graderío, a cuberta do mesmo, as instalacións, as varandas e resto de elementos que non sexan estrutura de formigón.*
- A totalidade dos vestiarios plantexados baixo a grada, dos que non existe construción algunha executada a día de hoxe.*



Imaxes do estado da construción da visita do 27/12/2022

O proxecto de execución ten data de entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do 27/12/2022 cun presuposto total (IVE incluído) de 269.377,71 € (lembramos que nas bases estipulábase o 1 de novembro de 2022 como data límite para dar cumprimento as finalidades para as que se concedeu a subvención).

O presuposto do proxecto de execución non se corresponde co que aparece nas certificacións de obra.

No Expediente 22097/333 e no documento 220341228 relativo á documentación xustificativa achegada pola entidade solicitante compróbase a presentación de certificacións de obra que non teñen as partidas desglosadas, non teñen prezos unitarios dos diversos traballos nin liñas de medición que permitan comproba-lo realmente executado. Os importes económicos destas certificacións de obra non se corresponden co presuposto do proxecto de execución.

Plantéxase nesta documentación a execución da obra en dúas fases (fase 1 para o graderío e fase 2 para os vestiarios). Isto non se corresponde co solicitado no procedemento de adxudicación da subvención xa que os solicitantes plantexaron a execución da totalidade da obra (graderío e vestiarios) coma unha única fase e, en base a esa proposta, foron adxudicatarios da subvención polo que para cumpri-lo acordado terían que ter rematada a totalidade da obra.

Achega unha acta de recepción de obra da fase 1 (graderío) e unhas fotografías nas que se pode comprobar que o graderío non está rematado xa que non conta con cuberta polo que a acta de recepción achegada (que ademáis non é da totalidade da obra subvencionada) non é válida xa que non se corresponde ca realidade construída. Nas bases da subvención esixíase a presentación de certificado final de obra asinado por técnico competente, acta de recepción e fotografías da obra realizada e finalizada, cuestión que non se cumpre.

Para poder estima-lo importe e a porcentaxe da obra executada ata a data da visita temos que tomar coma base as partidas de obra e os prezos do presuposto do proxecto de execución xa que é o único documento no que existen unhas medicións desglosadas das diversas partidas de obra. Atendendo pois ó recollido no proxecto de execución, estímase que ata o día de hoxe se teñen executado as seguintes partidas cos seguintes importes:

PARTIDA	CANTIDADE	PREZO	IMPORTE (€)
MOVIMIENTO DE TIERRAS			
M3. Excavación en terreno flojo	86,53	16,00	1384,48
M3. Excavación en zapatas de pilares	50,00	42,00	2100,00
M3. Excavación en zapatas arranque escalera	0,72	70,00	50,40
CIMENTACIÓN Y SANEAMIENTO HORIZONTAL			
M3. Hormigón en masa para limpeza	5,12	59,71	305,72
M3. Hormigón amado en zapatas	55,60	89,20	4959,52
M. Red de toma a tierra de la estructura	65,50	4,05	265,28
ESTRUCTURA HORMIGÓN PREFABRICADA			
M3. Hormigón armado pilares	10,00	1500,00	15000,00



Concello de Vigo

M3. Hormigón armado en vigas prefabricadas	6,00	3000,00	18000,00
Ud. Bancada de hormigón prefabricado	24,00	225,00	5400,00
Ud. Peldaños de hormigón	24,00	79,00	1896,00
GESTIÓN DE RESIDUOS			
Ud. Gestión de residuos	0,28	2618,90	733,30
CONTROL DE CALIDAD			
Ud. Control de calidad hormigón y aceros	1,00	2000,00	2000,00
SEGURIDAD Y SALUD			
Ud. Seguridad y coordinación	0,28	2000,00	560,00
IMPORTE TOTAL EJECUCIÓN MATERIAL			52654,70

En consecuencia, estimamos que se ten executado o 28´75% da obra total contemplada no proxecto de execución e que foi obxecto de subvención."

II. Informe-proposta do servizo de Deportes con data 3 de febreiro de 2023

Á vista do informado polos técnicos municipais en relación ao estado de execución da obra, a xefatura do servizo de Deportes emite o seguinte informe:

"(...)2.- Xustificación da subvención:

Examinados os xustificantes presentados pola entidade Fomento de Centros de enseñanza S.A segundo escrito presentado no Rexistro Xeral Electrónico deste Concello con data 28 de outubro de 2022, e complementada posteriormente en datas 23 de novembro de 2022 e 28 de decembro de 2022, tras os requirimentos remitidos polo Servizo de Deportes en datas 08 de novembro e 02 de decembro de 2022, en base ó descrito na base 16ª da convocatoria infórmase do seguinte:

Primeiro: Que os arquitectos municipais xiraron visita á instalación obxecto da proposta de subvención o pasado 27 de decembro de 2022, coas seguintes conclusións:

- Que a obra de construción do "Graderío con vestiarios integrados atópase en curso e non está rematada xa que somentes se atopa construída a cimentación e estrutura de formigón do graderío. Para o remate da obra, e conforme ó especificado no proxecto básico que obtivo licenza e na documentación presentada polos solicitantes que foi obxecto de valoración e pola que se concedeu a subvención".*
- Que do proxecto básico presentado faltaría por executar:*
 - A estrutura de cuberta do graderío, a cuberta do mesmo, as instalacións, as varandas e resto de elementos que non sexan estrutura de formigón.*
 - A totalidade dos vestiarios plantexados baixo a grada, dos que non existe construción algunha executada a día de hoxe.*
- Que o proxecto de execución ten data de entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do 27/12/2022 cun presuposto total (IVE incluído) de 269.377,71€, aínda que as bases da convocatoria se establecía o 1 de novembro de 2022 como data límite para dar cumprimento ás finalidades para as que se concedeu a subvención.*
- Que o presuposto do proxecto de execución non se corresponde co que aparece nas certificacións de obra.*

- Que no Expediente 22097/333 e no documento 220341228 relativo á documentación xustificativa achegada pola entidade solicitante compróbase a presentación de certificacións de obra que non teñen as partidas desglosadas, non teñen prezos unitarios dos diversos traballos nin liñas de medición que permitan comproba-lo realmente executado. Os importes económicos destas certificacións de obra non se corresponden co presuposto do proxecto de execución.
- Que plantéxase na documentación presentada pola entidade a execución da obra en dúas fases (fase 1 para o graderío e fase 2 para os vestiarios). Isto non se corresponde co solicitado no procedemento de adxudicación da subvención xa que os solicitantes plantexaron a execución da totalidade da obra (graderío e vestiarios) coma unha única fase e, en base a esa proposta, foron adxudicatarios da subvención polo que para cumprilo acordado terían que ter rematada a totalidade da obra.
- Que a entidade solicitante achega unha acta de recepción de obra da fase 1 (graderío) e unhas fotografías nas que se pode comprobar que o graderío non está rematado xa que non conta con cuberta polo que **a acta de recepción achegada (que ademais non é da totalidade da obra subvencionada) non é válida xa que non se corresponde ca realidade construída.** Nas bases da subvención esixíase a presentación de certificado final de obra asinado por técnico competente, acta de recepción e fotografías da obra realizada e finalizada, cuestión que non se cumpre.
- Que para poder estima-lo importe e a porcentaxe da obra executada ata a data da visita hai que tomar coma base as partidas de obra e os prezos do presuposto do proxecto de execución xa que é o único documento no que existen unhas medicións desglosadas das diversas partidas de obra. Atendendo pois ó recollido no proxecto de execución, estímase que ata o día de hoxe se teñen executado partidas por importe de 52.654,70€, polo que se estima que se ten executado o 28,75% da obra total contemplada no proxecto de execución e que foi obxecto de subvención.

Segundo: Que entre os requisitos establecidos na cláusula sexta da convocatoria se establece no apartado h) a obriga de executar as obras de acordo co proxecto en base ó cal se concedeu a licenza e conforme as prescricións sinaladas e autorizacións sectoriais preceptivas. Cabe sinalar que esta cuestión non foi cumprida pola entidade tal como se detalla no informe dos arquitectos municipais.

Terceiro: Que a entidade Fomento Centros de Enseñanza S.A, non cumpriu coa obriga establecida nas bases, cuxo obxecto é promover e executar as actuacións **durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 1 de novembro de 2022.**

Cuarto: Que a entidade non cumpriu co establecido nos apartados b) e h) da base 6ª da convocatoria nos que se establece, a obriga dos beneficiarios de **b) “executar a actuación subvencionada consonte o proxecto presentado coa solicitude” e h) “executar a obra de acordo co proxecto en base ó cal se concedeu a licenza e conforme as prescricións sinaladas e autorizacións sectoriais preceptivas”.**

Quinto: Que do informe redactado polos arquitectos municipais se conclúe:

- Que a obra de construción do “Graderío con vestiarios integrados” atópase en curso e non está rematada, faltando por executar a estrutura de cuberta do graderío, a cuberta do mesmo, as instalacións, as varandas e resto de elementos que non sexan estrutura de formigón, e a totalidade dos vestiarios plantexados baixo a grada, dos que non existe construción algunha executada a día de hoxe.
- Que o proxecto de execución ten data de entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do 27/12/2022 cun presuposto total (IVE incluído) de 269.377,71€, aínda que as bases da convocatoria se establecía o 1 de novembro de 2022 como data límite para dar cumprimento ás finalidades para as que se concedeu a subvención.



Concello de Vigo

- *Que o presuposto do proxecto de execución non se corresponde co que aparece nas certificacións de obra.*
- *Que no Expediente 22097/333 e no documento 220341228 relativo á documentación xustificativa achegada pola entidade solicitante compróbase a presentación de certificacións de obra que non teñen as partidas desglosadas, non teñen prezos unitarios dos diversos traballos nin liñas de medición que permitan comproba-lo realmente executado. Os importes económicos destas certificacións de obra non se corresponden co presuposto do proxecto de execución.*
- *Que plantéxase na documentación presentada pola entidade a execución da obra en dúas fases (fase 1 para o graderío e fase 2 para os vestiarios), o cal non se corresponde co solicitado no procedemento de adxudicación da subvención xa que os solicitantes plantexaron a execución da totalidade da obra (graderío e vestiarios) coma unha única fase e, en base a esa proposta, foron adxudicatarios da subvención polo que para cumprilo acordado terían que ter rematada a totalidade da obra.*
- *Que a entidade solicitante achega unha acta de recepción de obra da fase 1 (graderío) e unhas fotografías nas que se pode comprobar que o graderío non está rematado xa que non conta con cuberta polo que **a acta de recepción achegada (que ademais non é da totalidade da obra subvencionada) non é válida xa que non se corresponde ca realidade construída.** Nas bases da subvención esixíase a presentación de certificado final de obra asinado por técnico competente, acta de recepción e fotografías da obra realizada e finalizada, cuestión que non se cumpre.*
- *Que para poder estima-lo importe e a porcentaxe da obra executada ata a data da visita temos que tomar coma base as partidas de obra e os prezos do presuposto do proxecto de execución xa que é o único documento no que existen unhas medicións desglosadas das diversas partidas de obra. Atendendo pois ó recollido no proxecto de execución, estímase que ata o día de hoxe se teñen executado partidas por importe de 52.654,70€, polo que se estima que se ten executado o 28,75% da obra total contemplada no proxecto de execución e que foi obxecto de subvención.*

En razón ao anteriormente exposto, considérase:

- *Que da documentación presentada pola entidade, e da visita e informe posterior dos arquitectos municipais, non se pode acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.*
- *Que a entidade Fomento de Centros de Enseñanza S.A (A8126597) non cumpre coas obrigas establecidas na base 16ª da convocatoria de subvencións, ao considerarse defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.*
- *Que tal como se establece na cláusula 20ª.a enténdese, salvo mellor criterio, que a entidade solicitante perdeu o seu dereito ó cobro da subvención por incumprir as obrigas previstas nas bases de subvencións.*
- *Que tal como establece o apartado 2 da cláusula 20ª, procede a perda do dereito ao cobro da subvención proposta aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xullo de 2022 e o reintegro do 50% xa percibido pola entidade.*

E polo tanto, proponse:

- *Aprobar a perda do dereito ao cobro da subvención proposta aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xullo de 2022 e o reintegro do 50% xa percibido pola entidade.”*

II. Informe xurídico do 10 de marzo de 2023

Á vista dos anteriores informes, o servizo xurídico do servizo de Deportes informa o seguinte.

“(…) a beneficiaria da subvención ten, entre outras, as seguintes obrigas das que non consta o seu cumprimento:

1. *Acreditación da finalización da obra prevista no proxecto presentado xunto á solicitude de subvención. A base 16ª esixe incorporar á conta xustificativa o certificado final de obra e acta de recepción.*

Os arquitectos municipais informan con data 18 de xaneiro de 2023 que “Achega unha acta de recepción de obra da fase 1 (graderío) e unhas fotografías nas que se pode comprobar que o graderío non está rematado xa que non conta con cuberta polo que a acta de recepción achegada (que ademáis non é da totalidade da obra subvencionada) non é válida xa que non se corresponde ca realidade construída. Nas bases da subvención esixíase a presentación de certificado final de obra asinado por técnico competente, acta de recepción e fotografías da obra realizada e finalizada, cuestión que non se cumpre”.

Os arquitectos municipais informan que a data 18 de xaneiro de 2023, á vista do orzamento do proxecto de execución presentado, “se ten executado o 28,75% da obra total contemplada no proxecto de execución e que foi obxecto de subvención”.

2. *O apdo. h) da base 6ª establece a obriga de executar as obras de acordo co proxecto en base cal se concedeu licenza e conforme as prescricións sinaladas e autorizacións sectoriais preceptivas.*

Segundo informan os arquitectos municipais, “O presuposto do proxecto de execución non se corresponde co que aparece nas certificacións de obra”, “Os importes económicos destas certificacións de obra non se corresponden co presuposto do proxecto de execución”, “Plantéxase nesta documentación a execución da obra en dúas fases (fase 1 para o graderío e fase 2 para os vestiarios). Isto non se corresponde co solicitado no procedemento de adjudicación da subvención xa que os solicitantes plantexaron a execución da totalidade da obra (graderío e vestiarios) como unha única fase...”.

3. *A base 16ª establece a obriga de incorporar á a conta xustificativa unha copia simple da licenza de obras ou título habilitante para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.*

A beneficiaria presenta a licenza de obras que foi outorgada o 11 de novembro de 2022, na que literalmente se establece que:

“Antes do inicio das obras, deberá presenta-lo correspondente Proxecto de Execución co Anexo sobre Control de Calidade da Edificación, segundo Decreto 232/93, da Xunta de Galicia, Estudo de Seguridade e Saúde de acordo co RD 1627/1997 e proxecto sobre infraestruturas comúns de telecomunicacións de acordo co RD Lei 1/98 así coma aval bancario ou fianza en metálico, para respostar dos gastos de urbanización, por importe de 1.450 euros, notificados a 11/11/2022 (número saída 15058-2022)”

O proxecto de execución foi presentado máis alá do 1 de novembro de 2022, tal e como informan os arquitectos municipais (“O proxecto de execución ten data de entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do 27/12/2022 ...”).

4. *Base 16ª: a conta xustificativa incluírá os certificados de obras subscritos polo director da obra e contratista. Xunto co certificado final de obra asinado por técnico competente deberá achegar acta de recepción e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.*



Concello de Vigo

Segundo informan os arquitectos municipais, "Achega unha acta de recepción de obra da fase 1 (graderío) e unhas fotografías nas que se pode comprobar que o graderío non está rematado xa que non conta con cuberta polo que a acta de recepción achegada (que ademáis non é da totalidade da obra subvencionada) non é válida xa que non se corresponde ca realidade construída. Nas bases da subvención esixíase a presentación de certificado final de obra asinado por técnico competente, acta de recepción e fotografías da obra realizada e finalizada, cuestión que non se cumpre".

SÉTIMO.- Outros incumprimentos

Como última observación, advértense os seguintes incumprimentos:

- *A obriga de adopción das medidas de difusión establecida na base 6ª apdo. e), no apartado 4 do artigo 18 da LXS e no apdo 3 do art. 15 da LSG (apdo. h) do art. 11 da LSG e apdo. h) da LXS. Non queda acreditado o cumprimento deste requisito. A beneficiaria achega unha fotografía dun cartel de obra do que non pode entenderse acreditada a publicidade esixida polo apartado e) da base 6ª e a base 13ª (cartel informativo a través de cartelería elaborada ao efecto con medidas mínimas de 2X2m, que deberá permanecer na instalación en lugar visible).*
- *Achegan fotografías do estado das obras, sen constancia da data na que foron tomadas, e das que se desprende que as obras non estaban rematadas na data da súa presentación (28/12/2022).*
- *En relación ao Anexo II.1 presentado, inclúen as facturas emitidas da obra pero non a relación de documentación xustificativa do pago polo importe subvencionado, tal e como esixe a base 16ª. Dita base 16ª establece que, en xeral, os documentos xustificativos deben corresponderse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

OITAVO.- A comprobación municipal (base 17ª)

No expediente resulta que, da comprobación efectuada polo servizo de deportes e polos arquitectos municipais, plasmada en informes de datas 3-2-2023 e 17/18-1-2023, respectivamente, non se deu cumprimento pola beneficiaria a varios dos requisitos e obrigas dos establecidos nas bases e na lexislación vixente.

NOVENO.- Pagamento, perda do dereito e reintegro (base 19ª e 22ª)

Á vista dos incumprimentos verificados polo servizo de Deportes, polos arquitectos municipais e por este servizo xurídico, non procede a aprobación do pagamento do importe restante da subvención solicitada.

En relación ao anticipo do 50% do importe outorgado efectuado a favor da beneficiaria en outubro de 2022, procederase consonte o establecido no apartado 1 da base 20ª, sen prexuízo do informe que sexa emitido pola Intervención Municipal."

III. Informe da Intervención Xeral favorable á proposta de perda do dereito ao cobro, de data 20 de marzo de 2023.

“Á vista dos extremos incumpridos pola beneficiaria e os informes que constan no expediente fiscalízase de conformidade a proposta contida no expediente nº 22.097-333 de perda do dereito de cobro da subvención proposta aprobada por acordo da XGL de 22 de xullo de 2022 e acordar o inicio do procedemento de reintegro do 50% xa percibido pola entidade”.

Terceiro.- Procedemento de perda do dereito e de reintegro do importe recibido en concepto de anticipo

I. Informe xurídico do 27 de marzo de 2023

“(…)

Á vista informes emitidos no procedemento de referencia, incorpórase o presente informe no expediente 22097-333 co fin de informar ao servizo de Deportes do seguinte:

Producirase a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 (causas de reintegro) da Lei Xeral de Subvencións (art. 89.1 do Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones-RLXS).

O artigo 91 do RLXS establece que a beneficiaria deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

a) O procedemento de perda do dereito de cobro do 50% da subvención: á vista dos informes obrantes no expediente, deberase tramitar o procedemento de declaración do dereito de cobro do 50% da subvención de acordo co establecido polo art. 89.2 do RLXS, que establece que o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobro da subvención será o establecido no artigo 42 da Lei Xeral de Subvencións (LXS), que regula o procedemento de reintegro.

b) O procedemento de reintegro do importe correspondente ao 50% da subvención xa percibido: á vista dos informes obrantes no expediente, deberase tramitar o procedemento de reintegro do 50% da subvención percibida, de acordo co artigo 42 da LXS.

c) O procedemento para ámbolos dous casos ven establecido nos art. 42 ds LXS e 94 do RLXS, consonte as regras xerais establecidas pola Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O acordo da Xunta de Goberno Local que declare a perda do dereito de cobro e determine a procedencia do reintegro da cantidade percibida, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente.



Concello de Vigo

A resolución do procedemento de reintegro identificará entre outros, o importe da subvención a reintegrar xunto coa liquidación dos xuros de mora.

A resolución do procedemento será notificada á interesada requiríndoselle para realizar o reintegro correspondente no prazo e na forma que establece o Regulamento Xeneral de Recadación, con indicación dos recursos que procedan.”

Cuarto.- Conclusión

- Da documentación presentada pola entidade e da visita e informe posterior dos arquitectos municipais, non queda xustificado o cumprimento do obxecto da subvención.
- A entidade Fomento de Centros de Enseñanza S.A (A8126597) non deu cumprimento coas obrigas establecidas nas bases reguladoras da convocatoria (BOP núm. 86, do 5 de maio de 2022), en concreto na base 16^a.
- Ao abeiro do establecido pola base 20^a, a entidade solicitante perdeu o seu dereito ao cobro da subvención por incumprir as obrigas previstas nas bases reguladas do procedemento, tal e como se indica nos informes incorporados ao presente informe-proposta, polo non procede o cobro da subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xullo de 2022, debendo proceder á entidade ao reintegro do 50% xa percibido en concepto de anticipo.
- As alegacións presentadas pola entidade Fomento de Centros de Enseñanza S.A (A8126597) non aportan datos ou documentos que desvirtúen o sentido da proposta tramitada pola xefatura de servizo de deportes de data 03 de febreiro de 2023, polo que a data de hoxe a entidade Fomento de Centros de Enseñanza S.A (A8126597) non queda acreditado que xustificara a subvención, cumprira cos requisitos e coas obrigas establecidas polas bases reguladoras da convocatoria.

Quinto.- Órgano competente

Corresponde á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo ao abeiro do decreto de delegación de competencias do Alcalde da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2023, previa fiscalización da Intervención Xeral do Concello.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas pola entidade FOMENTO DE CENTROS DE ENSEÑANZA, SA (A28126597) presentadas dentro do trámite de audiencia previo á presente resolución, polos motivos expostos no informe proposta.

Segundo.- Declarar a perda do dereito ao cobro da subvención proposta aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xullo de 2022 e o reintegro do 50% xa percibido pola entidade.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición ante o órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(660).- RECTIFICACIÓN DO ERRO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8 DE XULLO DE 2023 DERIVADO DA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CLUB SÁRDOMA CF FEMININO COMO ENTIDADE DE ELITE DE VIGO POLA DINAMIZACIÓN DO SEU PROXECTO DEPORTIVO NA TEMPADA 2022/2023. EXPTE. 22438/333

Visto o informe xurídico de data 30/06/2023 e o informe de fiscalización do 03/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 29/06/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes e pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. O orzamento da Concellería de deportes detalla, na aplicación orzamentaria 3410.489.0019 unha subvención nominativa a favor do Sárdoma C.F. por importe de 33.000,00€.



Concello de Vigo

2. Con data 23 de xaneiro de 2023 o Concelleiro de deportes ordeou o inicio do expediente orientado á tramitación da subvención a favor da entidade Sárdoma C.F, detallada nominativamente no orzamento da Concellería de deportes para o ano 2023 por un importe de 33.000,00€.
3. Con data 24 de xaneiro de 2023, a Concellería de deportes remitiu ó Sárdoma C.F un requirimento de documentación vinculada coa tramitación administrativa do expediente de subvención.
4. Con datas 19, 20 e 24 de abril a entidade presentou a documentación requirida, admitíndose como válida e suficiente, na que solicita unha subvención por importe de 33.000,00€.
5. Con data 8 de maio de 2023, asinouse o informe-proposta de subvención nominativa mediante convenio entre o concello de Vigo e o Sárdoma C.F en base ó desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade considerada de elite na tempada 2022-2023. En dito informe se propón, por erro material, aprobar a concesión dunha subvención a favor da entidade por importe de 30.000,00€, en lugar dos 33.000,00€ reflectidos no orzamento da Concellería.
6. Con data 08 de junio de 2023 a Xunta de Goberno Local aprobou a proposta de subvención nominativa mediante convenio coa entidade deportiva Sárdoma C.F. en base ao desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade, considerada de elite na tempada deportiva 2022-2023 (expte. 22438/333), arrastrando o erro do importe proposto.
7. Tra-la sinatura do convenio, advírtese o erro no importe da subvención proposta, polo que se propón modificar o importe proposto, por canto onde dicía 30.000,00€, debería dicir 33.000,00€.

FUNDAMENTOS

A Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 109 permite ás administracións rectificar en calquera momento de oficio os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

De acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que a entidade beneficiaria cumpre cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Á vista do exposto proponse, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade do concelleiro-delegado de Deportes e a Concelleira da área de Goberno de emprego, fondos europeos, patrimonio, medio ambiente, educación, deportes e xuventude, á Xunta de Goberno Local a seguinte



Concello de Vigo

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Rectificar o acordo da XGL de 08/06/2023, de xeito que, o importe proposto a favor do Club Sárdoma C.F en base ó desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade considerada de elite na tempada deportiva 2022/2023 sexa de 33.000,00€.

SEGUNDO.- Aprobar a concesión da subvención a favor da entidade Sárdoma C.F. Cif G36615607 por importe de 33.000,00€..

TERCEIRO.- Autorizar e dispoñer o gasto total de 33.000,00 euros a favor da entidade Sárdoma C.F. Este crédito é con cargo á partida 3410.480019 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(661).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS PARA AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. EXPTE. 22853/333.

Visto o informe xurídico de data 02/08/2023 e o informe de fiscalización do 07/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 28/07/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes, a concelleira-delegada da Área de Goberno, e polo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno municipal do Concello de Vigo, recolle dentro do Programa 3420, a aplicación orzamentaria 3420.6290000 "Equipamento deportivo instalacións".

2.- Con data 01/06/2023, de conformidade e no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019 e tendo en conta que o obxecto desta contratación, implica o exercicio de competencias indicadas como propias, no artigo 25.1 e 25.2.I da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concelleiro de deportes asina a orde para que se proceda a iniciar expediente necesario para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais.

3.- Con data 27/07/2023, por parte do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, D. Rubén Peña Barceló, redáctase o prego de prescricións técnicas da contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais.

4.- Con data 21/07/2023, por parte do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, D. Rubén Peña Barceló, redáctase memoria xustificativa da necesidade da contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais

2.- Condicións definitorias do contrato:

a.- Obxecto e natureza do contrato:

O obxecto do presente contrato é o contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2. l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, en relación á execución de programas de promoción da actividade deportiva.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014), así como os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares e de forma xeral atende fundamentalmente o subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de Subministro, previsto no artigo 16 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014) (no sucesivo, LCSP).

Se contempla a división en lotes do contrato, agrupados en función das súas características.

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado (Art. 159 da LCSP), e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 99 e 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, atópase determinado tendo en conta que o prazo máximo do contrato establécese nunha anualidade, o importe máximo para a totalidade do contrato, estímase en 65.437,15 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 13.741,80 € o cal totaliza un importe de 79.178,95 € con IVE (21%).

Atendendo as peculiaridades dos subministros obxecto deste contrato, o prezo do contrato determinarase en termos de prezos por unidade.

Para a determinación do orzamento base de licitación, tómanse como referencia os custos medios de necesidades baseadas en subministros similares nos derradeiros anos na concellería de deportes do Concello de Vigo, sendo adecuado para o cumprimento do contrato.

O presente contrato será calculado en base á referencia dos prezos unitarios, segundo os conceptos desglosados, establecéndose como prezo de licitación para dito contrato o de 65.437,15 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 13.741,80 € o cal totaliza un importe de 79.178,95 € con IVE (21%).



Concello de Vigo

O importe máximo para a totalidade do contrato estímase en 65.437,15 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 13.741,80 € o cal totaliza un importe de 79.178,95 € con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2023	65.437,15 €	13.741,80 €	79.178,95 €
Totais	65.437,15 €	13.741,80 €	79.178,95 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida que se detalla:

3420	6290000	Equipamento deportivo instalacións
------	---------	------------------------------------

O valor estimado do contrato establécese en 65.437,15€.

O importe do contrato establécese de acordo cos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira contidos no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, xa que os créditos que se prevén para este contrato para cada exercicio son análogos aos existentes en anteriores exercicios orzamentarios co mesmo obxecto e non van a significar desequilibrio financeiro ningún tendo en conta que os prezos unitarios axústanse aos prezos de mercado, pois establecéronse coa experiencia adquirida na execución de contratos anteriores.

d.- Revisión de prezos.

O presente contrato non será obxecto de revisión de prezos.

e.- Réxime de pagamento:

O pagamento efectuarase unicamente polos subministros efectivamente entregados e de acordo aos prezos ofertados polo adxudicatario, previa presentación e conformidade da factura por parte do responsable do contrato.

f.- Clasificación contratistas

Non procede.

g.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.A das FEC se determinen outros distintos:

- Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.A das FEC se determinen outros distintos:
- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual o superior:
 - Ao 70% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.

- Ao 70% da anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

➤ **Para as empresas de nova creación:** as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a cinco anos) poderán acreditar a súa solvencia por algún dos medios previstos nas no apartado 8.5.3ª do PCAP.

- Solvencia técnica e profesional:

Agás que no apartado 5.B das FEC se determine outro distinto, acreditarase a través do seguinte medio:

- Unha relación dos principais subministros, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros por importe igual ou superior ao 70% do prezo do contrato.

Para as empresas de nova creación: as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a cinco anos) poderán acreditar a súa solvencia por algún dos medios previstos nas no apartado 8.5.3ª do PCAP.

Xustificación solvencia:

Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais; dado que solicitar o volume anual de negocios e unha relación dos principais subministros efectuados durante os tres últimos anos de igual ou similar natureza ao obxecto do contrato, son condicións mínimas que respectan o principio de liberdade de acceso ás licitacións.

h.- Criterios de selección da oferta máis vantaxosa.

Prevese a valoración de múltiples criterios, en cumprimento do artigo 145.1 da LCSP:

h.1.- Avaliables mediante fórmula:

- **Prezo. Redución do prezo do contrato (De cada lote).** Valorarase ata un máximo de 85 puntos por lote. Para a valoración terase en conta o importe total ofertado.
- **Incremento en meses do período de garantía:** Valorarase ata un máximo de 15 puntos. Os incrementos sobre o mínimo recollido no PPT e nesta memoria.

i.- Subcontratación.

Admítese nos termos previstos no artigo 215 do LCSP. Non se fixan tarefas críticas a realizar polo contratista principal.

j.- Prazo de garantía:

Mínimo tres anos para todos os lotes



Concello de Vigo

k.- Garantía provisional e definitiva:

Non procede a constitución dunha garantía provisional e como garantía definitiva, o licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do orzamento base de licitación (excluído o iva).

l.- Prazo de execución e si se prevén prórrogas do mesmo.

A duración prevista para este contrato será de dous meses e sen posibilidade de prórroga. O prazo de execución xustifícase pola posibilidade de ter que fabricar algúns dos equipamentos pola falta de acopio.

m.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato.

Non se prevé.

n.- Modificación do contrato.

Non se prevé.

o.-Seguro:

Non se prevé.

3.- Proposta:

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria da contratación para o subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais.

Segundo: Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do o subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 27 de xullo de 2023.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica de administración Xeral e a xefa do servizo de contratación do Concello de Vigo con data 27 de xullo de 2023.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de 65.437,15 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 13.741,80 € o cal totaliza un importe de 79.178,95 € con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2023	65.437,15 €	13.741,80 €	79.178,95 €
Totais	65.437,15 €	13.741,80 €	79.178,95 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida que se detalla:

3420	6290000	Equipamento deportivo instalacións
------	---------	------------------------------------

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(662).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS DE DINAMIZACIÓN DO FUNCIONAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO – CEMV. EXPTE. 24177/332.

Visto o informe xurídico de data 31/07/2023 e o informe de fiscalización do 03/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 21/07/2023, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a concelleira-delegada de Educación, a concelleira-delegada da Área de Goberno e polo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación do expediente.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria de 9 de xullo de 2020, o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), o prego de prescricións técnicas particulares mailo prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación, así como, a autorización do gasto, acordando no mesmo acto a apertura do procedemento de licitación (expediente 24177/332).

2.- Adxudicación.

A Xunta de Goberno Local en data de 17 de setembro de 2020 acordou adxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B-36.917.201) o procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de asistencia técnica e dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo "CEMV" por un prezo total do contrato de 31.733,77 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.507,51



Concello de Vigo

euros, e co compromiso por parte da adxudicataria para a realización de estudos aos membros integrantes do CEMV.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno do 09/07/2020 e a oferta presentada.

3.- Formalización do contrato.

O contrato foi formalizado en data 2 de novembro de 2020 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *“O presente contrato terá unha duración de 2 anos, contado dende o día 01 de novembro de 2020. Están contempladas dúas prórrogas de un ano cada unha”*.

4.- Prazo.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- (...)”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

”A) PRAZO TOTAL: 2 anos.

B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: si, 2 prórrogas dun ano de duración cada unha. (...)”.

5.- Primeira prórroga do contrato.

A Xunta de Goberno Local en data 29 de setembro de 2022 acordou *“autorizar a prórroga do contrato para os servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo - CEMV (expte. 24177/332) para o período comprendido entre o 01/11/2022 e o 31/10/2023, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida”*. En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 31 de outubro de 2023.

6.- Requirimento da segunda prórroga.

En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *“este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. (...).”*

Mediante escrito de data 18 de xullo de 2023 (documento 230213971, anexado ao expediente), don Manuel Estévez Caride como administrador único da entidade Van Divulgación Cultural SL, manifesta o seu acordo en acollerse á segunda prórroga do contrato por unha anualidade (para o período de 1 de novembro de 2023 a 31 de outubro de 2024).

7.- Prestación do servizo.

A prestación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) por parte da empresa actualmente adxudicataria (Van Divulgación Cultural SL) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo Municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade da prestación do servizo mediante a materialización da segunda prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP polo período do 1 de novembro de 2023 ao 31 de outubro de 2024.

8.- Orzamento.

O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 31.733,77 euros, sendo o prezo por anualidade de 15.866,88 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a segunda prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 15.866,88 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades: 2.884,89 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (meses de novembro e decembro) e 12.981,99 euros con cargo ao exercicio 2024 (de xaneiro a outubro) e podería imputarse á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.227.9910 (Estudos e traballos técnicos) dos exercicios 2023 e 2024, conforme á anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2023, faise constar que xa existe a operación contable RC 202300003947, por importe de 2.884,89 euros, de retención de crédito para a tramitación da segunda prórroga do contrato.

9.- Competencia.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a segunda prórroga do contrato para os servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo - CEMV (expte. 24177/332) para o período comprendido entre o 01/11/2023 e o 31/10/2024, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 15.866,88 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Van Divulgación Cultural SL, CIF B-36.917.201. Este gasto imputarase con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.227.9910 (Estudos e traballos técnicos), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 01/11 a 31/12): 2.884,89 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 01/01 a 31/10): 12.981,99 euros.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(663).- AUTORIZACIÓN ADICIONAL DE GASTO DIANTE DO INCREMENTO NA PREVISIÓN DO GASTO ANUAL 2023 POLO CONCEPTO DE DIETAS DE ASISTENCIA DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS PÚBLICOS DE VIGO. EXPTE. 26445/332.

Visto o informe de fiscalización do 03/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 18/07/2023, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a concelleira-delegada de Educación, a concelleira-delegada da Área de Goberno e polo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 29 de decembro de 2022, acordou o seguinte:

Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, ás persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023. (...)", nomeándose un total de 16 representantes municipais.

Segundo:- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos A e B e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos C e D, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro totalizaranse, a efectos de pago, dúas veces ao ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2023.

A previsión do gasto anual polo concepto "Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo" é de 14.000.-€, con cargo á bolsa de vinculación da partida 3230.233.00.00 do orzamento de 2023.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, convocarase cando menos, de xeito trimestral."

En consonancia co anterior, realizouse a operación contable A202300002620 por importe de 14.000,00 euros.

Tal como se indica no informe proposta do técnico do Servizo de Educación, conformado pola xefa do servizo, polo concelleiro delegado de Educación e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, de data 12/12/2022, a efectos retributivos, a cantidade económica a percibir polos/as representantes municipais por asistencias aos Consellos Escolares de Centro serán, as homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións,

concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal; por unha banda, na categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B quedando establecidas en 39,78.-€, e por outra banda, na categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D quedando establecidas en 36,72.-€, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro totalízanse, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de xullo e o 31 de decembro de 2023. Os custes totais destinados ao pago das dietas por asistencias aos Consellos Escolares de Centro para o ano 2023 deben ser aplicados con cargo á bolsa de vinculación da partida orzamentaria 3230.233.0000 "Dietas de asistencia a Consellos Escolares" do orzamento do exercicio de 2023.

No entanto, pasado o contexto da pandemia Covid cos correspondentes confinamentos, obsérvase un efecto de notable incremento das actividades organizadas polos centros educativos que provocou tamén un importante incremento no número de convocatorias do principal órgano colexiado de xestión nos centros educativos públicos de educación infantil e primaria, o cal se traduce nun aumento das xuntanzas de Consellos Escolares nos diferentes centros educativos da nosa cidade. Outro factor que repercute no número de asistencias a xuntanzas do devandito órgano é a nova división de zonas educativas (agora fixadas en dezaseis) coa consecuente incorporación de máis representantes municipais.

En consecuencia o crédito en concepto de dietas por asistencias dos representantes municipais ás sesións do Consello Escolar, inicialmente previsto no punto segundo do acordo da Xunta de Goberno Local resulta ser insuficiente, razón pola cal se solicita o incremento do seu importe de cara a poder atender as previsións reais e concretas correspondentes ás dietas por asistencias dos representantes municipais á totalidade das xuntanzas dos Consellos Escolares que tiveron lugar entre os días 10 de xaneiro e 11 de xullo de 2023.

Para atender o anteriormente exposto, o incremento que se calcula ascende a 817,52 euros, e podería imputarse á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.233.0000 (Dietas de asistencias a Consellos Escolares). O uso destes créditos con cargo á bolsa de vinculación non afecta ao normal funcionamento do servizo.

Por todo o anteriormente exposto, previo informe de Intervención Xeral, solicítase á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"Aprobar un incremento de 817,52 euros na previsión do gasto anual polo concepto "Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo", con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.233.0000 do exercicio orzamentario de 2023."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

11(664).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA OS SERVIZOS AUXILIARES NECESARIOS PARA A POSTA EN MARCHA E APERTURA DA SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA DE NAVIA. EXPTE. 23976/332.

Visto o informe xurídico de data 31/07/2023 e o informe de fiscalización do 03/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 05/07/2023, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada de Educación, a concelleira-delegada da Área de Goberno e polo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 27 de febreiro de 2020, aprobou o expediente de contratación dos servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia (expediente 23976/332), por procedemento aberto, así como o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 08/01/2020 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 12/02/2020 que rexen a licitación, e aprobou o gasto por importe de 79.917,21 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 24 de setembro de 2020 acordou adxudicar a INTEGRAL MANTENIMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia por un prezo total de 70.106,93 euros mais unha bolsa de 200 horas cun prezo unitario por hora desta bolsa de 12,11 euros/hora.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- (...)”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

A) *PRAZO TOTAL: 2 anos.*

B) *PRAZOS PARCIAIS: non*

C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: sí, tres prórrogas dun ano de duración cada unha. (...).”*

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 22 de outubro de 2020 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *“O presente contrato terá unha duración de dous anos, contados desde o día 22 de outubro de 2020. Están contempladas tres prórrogas de un ano cada unha”*.

5.- Primeira prórroga do contrato: A Xunta de Goberno Local en data 18 de agosto de 2022 acordou *“autorizar a prórroga do contrato para os servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia (expte. 23976/332) para o período comprendido entre o 22/10/2022 e o 21/10/2023, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida”*. En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 21 de outubro de 2023.

6.- Preaviso da segunda prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”*

En data 4 de xullo de 2023, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a segunda prórroga de un ano para o contrato dos servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia, conforme ao estipulado no mesmo .

7.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia por parte da empresa actualmente adxudicataria (Integra Mantemento Xestión e Servizos Integrados Centro Especial de Emprego Galicia S.L.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta.

Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da segunda prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 22/10/2023 e o 21/10/2024.

8.- Orzamento: O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 70.106,93 euros, sendo o prezo por anualidade de 35.053,47 euros. Aos anteriores importes hai que engadir unha bolsa de 200 horas para os dous anos por un importe unitario de 12,11 euros/hora, que farían un importe adicional de 1.211,00 euros por anualidade (100 horas para cada ano). No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a segunda prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 36.264,47 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades:

- con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (do 22/10 ao 31/12): 7.523,12 euros (7.329,36 € da parte fixa máis 193,76 € da parte variable);

- e con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (do 01/01 ao 21/10): 28.741,35 euros (27.724,11 € da parte fixa máis 1.017,17 € da parte variable).

O devandito gasto podería imputarse á aplicación orzamentaria 3260.227.9915 (Sala Lectura de Navia) dos exercicios 2023 e 2024, conforme á anterior división.



Concello de Vigo

En relación aos créditos para o exercicio 2023, faise constar que xa existe a operación contable RC 202300004204, por importe de 7.523,12 euros, de retención de crédito para a tramitación da segunda prórroga do contrato.

9.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos:**

1º.- Autorizar a segunda prórroga do contrato para os servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia (expte. 23976/332) para o período comprendido entre o 22/10/2023 e o 21/10/2024, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 36.264,47 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Integra Mantemento Xestión e Servizos Integrados Centro Especial de Emprego Galicia SL, CIF B-27.715.879. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.9915 (Sala lectura de Navia), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 22/10 a 31/12): 7.523,12 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de 01/01 a 21/10): 28.741,35 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(665).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO INTERINO CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE 6 BOMBEIRAS/OS PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 40094/220.

Visto o informe de fiscalización de data 8/08/2023, dáse conta do informe-proposta ddo 31/07/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Consta no expediente dilixencia conformada pola concelleira delegada competente (trámite 31 do expediente) segundo a cal "... Coa finalidade de que teña cubertos todos os efectivos existentes na súa plantilla no prazo mais breve posible, se continuará coa tramitación do expediente incoado o 09/06/2022, procedéndose posteriormente á cobertura das vacantes segundo estas se vaian xerando no SEIS."

II.- En data 11/07/23 o técnico de organización e xestión de RRHH emite informe dde prazas vacantes existentes no SEIS (categoría de bombeiro e condutor bombeiro) susceptibles de

cobertura interina, incluídas as vacantes producidas con posterioridade á aprobación da OEP 2022 indicando o seguinte:

“ pódese cubrir en total 11 prazas de 132-bombeiro: 1 praza con cargo á OEP 2020, 7 prazas con cargo á OEP 2022 e en base ao artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais en Materia de Réxime Local, poderíase cubrir interinamente tres (3) prazas vacantes, que deberán incluírse na OEP 2023. ” e “ pódese cubrir en total 4 prazas de 133-conductor-bombeiro: 4 prazas con cargo á OEP 2022. ”

III.- Consta informe administrativo de verificación das listaxes de reserva indicando as persoas ás que corresponde o chamamento na categoría de bombeiro/a, non habendo aspirantes en condicións de ser chamados na categoría de condutor/a- bombeiro/a.

IV.- Consta informe de cuantificación económica do custo para prazas de bombeiro no caso de que iniciasen a súa relación fora iniciada o 17 de xullo, sería:

*“- O custo para 1 posto cod. **132-Bombeiro** (C2, 16, 304), con cargo ás aplicacións orzamentarias 1360.1200400 (Soldo base), 1360.1210004 (Complemento de destino), 1360.1210104 (Complemento de específico) e 1360.160000*

0 (Seguridade Social a cargo da empresa) ascendería a 19.588,84 €, co seguinte detalle:

Soldo Base	CD	CE	S.social empr.	Total
4.447,29	2.600,47	10.291,29	5.765,23	23.104,29

En consecuencia como só se cubren 6 prazas das 11 prazas da categoría de bombeira/o o custo total sería:

Praza	Cantidade	Soldo Base	CD	CE	S.social empr.	Total
Bombeiros	6	26.683,74	15.602,82	61.747,74	34.591,38	138.625,68

En consecuencia, e ao abeiro do establecido no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do ROF, procédese á emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

V.- Consta informe da xefatura de bombeiros nos seguintes termos: *“Segundo as bases da convocatoria das Ofertas Públicas de Emprego 2017, 2018 e 2019, o persoal terá que realizar un curso de 160 horas onde case o 90% é práctico, deseñado e impartido nas instalacións adecuadas e cun contido de 100 horas de formación impartidas nas propias instalacións do parque central de teis. Facendo un total de 260 horas”.*

VI.- Constan no expediente dilixencia de data 28/07/2023 segundo a cal:



Concello de Vigo

“Á vista das continuas manifestacións de falta de persoal, a pesar de que o estudo de organización, postos de traballo, réxime retributivo, eficiencia da prestación e condicións de seguridade e saúde no SEIS de data 14/02/2023 conclúe que en principio ten suficientes dotacións no servizo ao seu cargo;

Constando no momento actual autorizadas vacacións e un elevado índice de absentismo segundo informe de inspección de persoal de data 11/07/2023 incorporado ao expediente (trámite 513);

Infórmase que procederase a continuar coa tramitación do expediente prevéndose a incorporación do persoal indicado no prazo máis breve posible.”

VII.- Consta iniciado expediente para elaboración das Bases xerais e específicas de OEP 2020, 2021, 2022 que se está a tramitar dentro dos prazos legais (expte 40095-220)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica es-

tatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta.

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concurra algunhas das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser



Concello de Vigo

ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.

Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese de lugar a compensación económica.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademáis delo, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente suposto, e efectuado o correspondente estudio, debe deixarse constancia expresa da ausencia de regulación legal específica da figura do “funcionario interino en prácticas”, tanto ao longo do articulado do TREBEP e das súas sucesivas modificacións ata a data actual, como da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, e normativa de concordante e procedente aplicación; sendo non obstante a regulación do estatuto dos funcionarios públicos competencia exclusiva do Estado segundo o artigo 149.1. 18ª da Constitución de 1978; e operando o principio de reserva de lei do artigo 9.3, e considerada a existencia de previsión constitucional expresa realizada polo lexislador constitucional no artigo 103.3 da Norma Suprema.

Certo é que entidades locais como o Ayuntamiento de Vitoria-Gasteiz recorren a esta clase de figura -o funcionario interino en prácticas- pero sempre suxeita á previa previsión expresa nas bases reitoras das convocatorias de procesos de selección de persoal.

Á vista delo, así como da ausencia de previsión específica ao respecto nas bases das convocatorias do Concello de Vigo; e dende a perspectiva estritamente xurídica, estímase por quen subscribe, en garantía da plena seguridade xurídica do nomeamento interino, a inviabilidade de nomeamento de funcionarios interinos en prácticas, estimándose, en todo caso, o axuste a Dereito do nomeamento interino na modalidade legalmente prevista no artigo 10.1, letra a) en relación co 10.4 da dita norma (funcionario interino con cargo a praza vacante en plantilla) susceptible de suxeición á condición resolutoria de inescusable superación de curso teórico-práctico, nos termos do establecido no artigo 1113 do Código Civil -rama do Dereito supletoria, en segundo ou ulterior grao, ao Dereito Administrativo, previa a correspondente autointegración consonte ao previsto no artigo 4.3 da propia codificación referenciada, co alcance contemplado en STS do 22 de xaneiro de 2020 (Sala do contencioso-administrativo, rec.1159/2015)-.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase aos postos de traballo tipo de Bombeiro (código 132) aplicándose

o réxime retributivo dos funcionarios en prácticas con carácter analóxico -ao abeiro do disposto no artigo 4,1 do Código Civil – recollido no Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro, pola que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, que no seu artigo 1 contempla que:

“Quienes, a partir de la entrada en vigor del presente Real Decreto, se encuentren en período de prácticas o desarrollando cursos selectivos de los previstos en el artículo 22 del Real Decreto 2223/1984, de 19 de diciembre, serán nombrados funcionarios en prácticas, y percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.

No obstante, si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto, y las retribuciones resultantes serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.”

O nomeamento que se efectúe estará suxeito á condición resolutoria consistente na obriga de superación inescusable do curso teórico-práctico establecido pola xefatura do servizo de destino, deixando constancia expresa de que, de acreditarse a non superación, procederá a declaración do cese no percibo de retribucións como funcionario interino en prácticas ao abeiro do previsto no artigo 3 do Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro.

De acreditarse a superación do curso, procederase a acordar polo órgano competente, e previa a proposta ao efecto, a percepción das retribucións correspondentes aos funcionarios interinos -sen a aplicación analóxica do réxime retributivo en prácticas- ata a provisión definitiva da praza interinamente cuberta, e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na



Concello de Vigo

Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se derivan da singular condición do servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

Sendo patentes as necesidades de persoal nun colectivo tan esencial para o servizo público como é o asignado á actividade de extinción de incendios e salvamento, e sendo un feito certo que a normativa vixente permite a xubilación anticipada voluntaria dos funcionarios do dito colectivo (co impacto que elo supón na xestión de plantillas) considérase que no expediente queda suficientemente acreditada a necesidade de nomeamento obxecto de proposta.

Engadir que tal e como consta no expediente e foi referido no antecedente VI de este informe, os elevados índices de absentismo e as vacacións fan necesario a incorporación urxente de persoal.

V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico incorporado ao expediente:

- O custo para **1** posto cod. **132-Bombeiro** (C2, 16, 304), con cargo ás aplicacións orzamentarias 1360.1200400 (Soldo base), 1360.1210004 (Complemento de destino), 1360.1210104 (Complemento de específico) e 1360.1600000 (Seguridade Social a cargo da empresa) ascendería a 19.588,84 €, co seguinte detalle:

Soldo Base	CD	CE	S.social empr.	Total
4.447,29	2.600,47	10.291,29	5.765,23	23.104,29

En consecuencia como só se cubren 6 prazas da categoría de bombeira/o o custo total sería:

Praza	Cantidade	Soldo Base	CD	CE	S.social empr.	Total
Bombeiros	6	26.683,74	15.602,82	61.747,74	34.591,38	138.625,68

Efectuándose unha remisión expresa ao contido do informe técnico obrante no expediente-coa salvedade de inaplicabilidade da previsión da figura do funcionario interino en prácticas en atención ao razoamento xurídico exposto-, solicítase expresamente que os aspectos indicados no mesmo respecto das previsións e impacto nos orzamentos se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 512 do expediente) consta o seguinte:

- Aos efectos de cumprimento do disposto na dilixencia de data 13/06/23 (trámite 31 do exped. 40.094/220) e existindo informe técnico de número de vacantes existentes no SEIS de data 11/07/23, compróbase que existe lista de reserva vixente con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os na categoría de bombeira/o procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable de 11 bombeiras/os .
- Así mesmo, compróbase que non existe lista de reserva vixente con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os na categoría de condutor/a - bombeiro/a.
- Consta no expediente, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, dilixencia de renuncia tácita das/os candidatas/os A. Moledo Filgueira con DNI ***8716**, A. Arias Fernández con DNI ***1401**, M. Martinez Alejos-Pita con DNI ***3657**, D. Rodríguez Paz con DNI ***1264**, F. Pereiro Collazo con DNI ***8572**, A. Morín Jimenez con DNI ***1652**, Y. Villaverde Parada con DNI ***8474**, B. Mayo Giraut con DNI ***3694**, I. Blanco Casás con DNI ***0661**, J. Pérez Vázquez con DNI ***7465**, E. Rodríguez Fernández con DNI ***5526**, C. Caneda Prieto con DNI ***8582**, D. Arias Penas con DNI ***7811**, A. Roca González con DNI ***1518**, C. Blanco López con DNI ***0938** e D. Suárez Dapena con DNI ***9179**.
- Constan no expediente administrativo as renuncias manifestadas mediante escrito das/os seguintes candidatas/os: J. M. López Veiga con DNI ***9403**, A. Fernández Bernárdez con DNI ***7158** e A. Robles Campo con DNI ***7857**.
- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo de erro ou omisión,



Concello de Vigo

procede o chamamento como bombeira/o, á/ao candidata/o que se relaciona a continuación que presentou a documentación requirida para o efecto:

Categoría: Bombeira/o		
NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***6189**	H. Velasco Ferreirós
2	***3823**	J. D. Liste Recarey
3	***3903**	C. Fernández Fernández
4	***1984**	N. Bastón Otero
5	***7443**	L. Álvarez Muñiz
6	***5319**	G. López Paz

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia.

Os aspirantes interesados e dispoñibles aceptaron expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escritos incorporados ao expediente, acreditando documentalmete o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto, verificados pola oficina administrativa.

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

"1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) *La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) *La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) *La intervención material del pago.*
- d) *La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: *Declarar a urxencia no nomeamento de 6 funcionarios interinos con obriga de superación de curso preceptivo teórico-práctico, nos termos e condicións seguintes:*

- *Categoría profesional: 6 Bombeiros (subgrupo C2) .*
- *Modalidade legal: funcionario interino para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP) establecendo a obriga de realización de curso preceptivo de carácter teórico-práctico consonte ao previsto no Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro.*
- *Destino: Área de Seguridade, Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.*
- *Período temporal: o presente nomeamento realízase suxeito a condición resolutoria, consistente na obriga de superación inescusable do curso teórico-práctico establecido pola xefatura do servizo de destino. De acreditarse a non superación, procederá a declaración do cese no percibo de retribucións correspondentes ao abeiro do previsto no artigo 3 do Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro. Unha vez acreditada a superación do curso, procederase a acordar, polo órgano competente e previa proposta ao efecto, a percepción das retribucións correspondentes aos funcionarios interinos ata a provisión definitiva da praza e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP, sen dereito a indemnización.*
- *Custe económico: o asociado ás 6 prazas vacantes de bombeira/o no cadro de persoal orzamentario dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2023.*



Concello de Vigo

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios interinos suxeitos á obriga inescusable de superación de curso preceptivo de carácter teórico-práctico, con cargo ás 6 prazas vacantes de bombeira/o indicadas, co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como das condicións e obrigas establecidas no apartado primeiro do presente acordo, na súa condición de aspirantes incorporados en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo -segundo os datos proporcionados polo programa informático do servizo de Administración Electrónica- ás seguintes persoas:

-Categoría profesional de Bombeira/o:

- H. Velasco Ferreirós con DNI ***6189** (vacante que se incluírá na OEP 2023)
- J. D. Liste Recarey con DNI ***3823** (vacante que se incluírá na OEP 2023)
- C. Fernández Fernández con DNI ***3903** (vacante que se incluírá na OEP 2023)
- N. Bastón Otero con DNI ***1984** (vacante que se incluírá na OEP 2022)
- L. Álvarez Muñiz con DNI ***7443** (vacante que se incluírá na OEP 2022)
- G. López Paz con DNI ***5319** (vacante que se incluírá na OEP 2022)

TERCEIRO: *Dispoñer que a xornada laboral dos efectivos nomeados interinamente suxeitos á obriga de realización de curso teórico-práctico desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se derivan da singular condición do servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento*

CUARTO.- *Dispoñer que pola Concellería-delegada competente en materia de persoal se proceda a resolver a creación da Comisión de Avaliación do curso teórico práctico a realizar*

polos aspirantes nomeados, así como á designación dos seus membros, e cuxa actividade deberá rematar con comunicación da relación de funcionarios interinos que acrediten a superación do curso preceptivo.

QUINTO.- *Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, Xefatura da Área e Servizo de destino, Concellería-delegada da Área de encadramento do ámbito de destino, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, persoal do Programa de Modernización e Mellora na xestión da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.*

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(666).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NO PADROADO DA FUNDACIÓN MARCO. EXPTE. 1476/1102.

Dáse conta da proposta de data 08/08/2023, asinada pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Concello de Vigo, como entidade fundadora da Fundación Marco actuará no Padroado a través da Presidencia que recaerá no Sr. Alcalde e no Padroado a través de sete vogais designados polo Concello (artigo 16 dos Estatuto en relación coa segundo comunicación da Fundación de data 6 de xullo de 2023)

Trala da sesión constitutiva da corporación en data 17 de xuño de 2023, constituíronse os seguintes grupos municipais: Grupo municipal socialista, dezanove concelleiros/as; grupo municipal do Partido Popular, cinco concelleiros/as; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, tres concelleiros/as.



Concello de Vigo

A vista da proposta presentada polo grupos municipais en atención súa representatividade conforme a proposta de data 27 de xullo de 2023, formúlase á Xunta de Goberno Local seguinte **PROPOSTA**

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado no Padroado da Fundación MARCO, polo seu Alcalde como Presidente do Padroado e polos/as seguintes vogais:

Grupo municipal socialista

Dna. Elena Espinosa Mangana
Dna. María del Carmen Lago Barreiro
D. Gorka Gómez Díaz
Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Grupo municipal do Partido Popular

D. José Miguel Martín Peña

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego

Dna. Ana Martínez Piñeiro

Segundo.- Comunicar este acordo á Fundación MARCO de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos e ás vogais designados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo texto legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(667).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO, COA FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO DURANTE O ANO 2023. EXPTE. 5005/330.

Visto o informe xurídico de data 21/07/2023 e o informe de fiscalización do 03/08/2023, dáse cona do informe-proposta de data 30/06/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira-delegada da Área de Goberno e polo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 5 de xuño do 2023, a “Federación de Libreiros de Galicia” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento das Feiras do Libro de Vigo durante o exercicio 2023; por este motivo, con data 1 de xuño, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.16 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A Federación de Libreiros de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrumpidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libreiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das actividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro Novo e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión, eventos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.

PROGRAMACIÓN DO ANO 2023:

Feira do Libro Novo, do 23 ao 29 de xuño do 2023 na rúa peonil do Calvario de 11 a 14 horas e de 17 a 21 horas, polas tardes.

Feira do Libro Antigo e de Ocasión, do 22 de xullo ao 6 de agosto do 2023 na Praza de Compostela, de 10:30 a 14 horas e de 17 a 21:30 horas.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 10.000 € (dez mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 5.000 €
- Xunta de Galicia: 3.000 €
- Recursos Propios: 2.000 €



Concello de Vigo

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do proxecto de convenio (presentado na sede electrónica o 29 de xuño de 2023).

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Federación de Libreiros de Galicia, para a organización das Feiras do Libro de Vigo 2023, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Federación de Libreiros de Galicia deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Federación de Libreiros de Galicia” ten como obxecto financiar a organización das Feiras do Libro de Vigo 2023, figurando na aplicación **3340.480.00.16** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 5.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Federación de Libreiros de Galicia” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

CONDICIÓNNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-



Concello de Vigo

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 5.000 € (cinco mil euros) á Federación de Libreiros de Galicia, CIF. V15038458, para a organización das Feiras do Libro de Vigo 2023, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.16 “SUBVENCIÓN FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA. FEIRA DO LIBRO”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Libreiros de Galicia que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento das Feiras do Libro de Vigo 2023”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA” PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO DURANTE O ANO 2023

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da Alcaldía do 19 de xuño e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023.

Doutra, D. Ramón Manuel Domínguez López, na súa condición de presidente da “Federación de Libreiros de Galicia” (CIF: V-15038458) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en rúa República Salvador, 28, entrechán B, CP 15701, da cidade de Santiago de Compostela, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*1.-Que a **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA** é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrumpidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libreiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das actividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha*

serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro Novo e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión, eventos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA**, concretamente nas **FEIRAS DO LIBRO DE VIGO 2023**, como medio que é de promover e dinamizar a cultura na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.16, como subvención nominativa, a favor da **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, FEIRA DO LIBRO** a cantidade de 5.000 euros.*

*IV.- Que a **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para a organización das Feiras do Libro de Vigo 2023, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 10.000 € (dez mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 5.000 €
- Xunta de Galicia: 3.000 €



Concello de Vigo

– Recursos Propios: 2.000 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Feira do Libro Novo, do 23 ao 29 de xuño do 2023 na rúa peonil do Calvario de 11 a 14 horas e de 17 a 21 horas, polas tardes.

Feira do Libro Antigo e de Ocasión, do 22 de xullo ao 6 de agosto do 2023 na Praza de Compostela , de 10:30 a 14 horas e de 17 a 21:30 horas.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA, Don Ramón Manuel Domínguez López , presidente da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo ampliamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
- 7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.



Concello de Vigo

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente que figura incorporado ao expediente.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de

Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.



Concello de Vigo

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro do 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o

importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.



Concello de Vigo

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2023, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.



Concello de Vigo

- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2023

Orzamento Concello de Vigo	
Persoal apoio feiras	1.000,00 €
Materiais e montaxes (Aluguer e montaxe de casetas e suministros precisos para o correcto funcionamento das casetas)	5.000,00 €
Vixilancia e seguridade	1.000,00 €
Actividades e pregoeiros (gastos para diferentes tipos de actividades durante ás feiras)	1.000,00 €
Gastos de xestión	2.000,00 €
	10.000,00 €
Ingresos	
Concello de Vigo	5.000,00 €
Xunta de Galicia	3.000,00 €
Fondos propios	2.000,00 €
	10.000,00 €



Concello de Vigo

15(668).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO “NOVO ESTADIO MUNICIPAL DE ATLETISMO DE BALAIÓDOS”.EXPTE. 1237/441.

Visto o informe xurídico do 04/08/2023 e o informe de fiscalización do 07/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 28/07/2023, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado da Área de Goberno e polo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- En data 04.03.2022, a Xefe do Servizo de Deportes emite informe expoñendo a necesidade de revisar e avaliar as condicións actuais das instalacións do Estadio Municipal de Atletismo de Balaídos, así como de acometer unha reforma integral orientada a actualizar ditas instalacións, respondendo as demandas actuais do atletismo:

“As pistas municipais de atletismo de Balaídos, construídas no inicio dos anos oitenta, chegan case os corenta anos de antigüidade. Nestas case catro décadas o deporte en xeral, e o atletismo en particular, evolucionou dunha forma extraordinaria en todos os sentidos. A aplicación de novas tecnoloxías, a evolución dos materiais de construción, a accesibilidade, os cambios nos deseños, as novas esixencias federativas, a transformación dos métodos de adestramentos e o incremento no volume de practicantes, demandan unha revisión e avaliación das condicións das instalacións destinadas á práctica do atletismo.

As pistas municipais de Balaídos foron, no seu momento, unhas instalacións de referencia en Galicia, respondendo á necesidade da cidade de Vigo e converténdoa nunha referencia do atletismo a nivel nacional. Non obstante, a pesar de que o Concello de Vigo, como titular e xestor da instalación foi acometendo diferentes actuacións de mantemento, sobre todo vinculadas ó tartán, é evidente que parece necesaria unha actuación integral orientada a actualizar unha instalación que semella ter alcanzado o límite da súa vida útil.

A instalación acolle diariamente os adestramentos de case 300 deportistas da cidade e da súa área de influencia. Este gran nivel de uso está motivado por varios factores, entre os que se atopan a calidade do pavimento deportivo e a súa orientación, ó que se une que é a única pista de atletismo ubicada no casco urbano, xa que a outra pista de atletismo coa que conta a cidade se atopa no extrarradio, enmarcada nas instalacións dependentes da Universidade de Vigo. Esta circunstancia fai que desde o servizo de deportes se propoña unha actuación por fases que permita compatibilizar a execución das obras coa actividade deportiva na medida do posible.

Unha cidade como Vigo require unha instalación moderna, actualizada, adaptada ás demandas do atletismo, cun pavimento deportivo de calidade e que conte cuns equipamentos e espazos adaptados ás necesidades actuais, como ximnasio, sala de formación, sala de prensa, enfermería, espazos de almacenaxe adaptados e accesibles, un módulo cuberto que permita a práctica deportiva en condicións climáticas adversas, vestiarios adaptados, zona de control e acceso á instalación adaptada e informatizada, grada cuberta, torre de control dotada tecnolóxicamente...”

II.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en datas 19 e 20 de maio de 2022, emítese informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos/Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario , ao abeiro do cal en datas 20 e 23 de maio de 2022, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do expediente de contratación

III.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos/Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de datas 19 e 20 de maio de 2022.
- B) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 20 e 23 de maio de 2022.
- C) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 27.02.2023.
- D) Prego de Prescricións Técnicas asinado redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe do Servizo de Deportes e asinado en data 19.06.2023.
- E) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos de data 21.06.2023.
- F) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 21.06.2023.
- G) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 23.06.2023.



Concello de Vigo

- H) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 23.06.2023.
- I) Corrección do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 27.07.2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de datas 20.06.2019 e 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), o seu carácter de contrato non suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 LCSP, os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO DE OBRAS DE “CONSTRUCCIÓN NOVO ESTADIO MUNICIPAL DE ATLETISMO DE BALAIOS”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe do Servizo de Deportes en data 19.06.2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 27.07.2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS VINTE TRES MIL EUROS CON SETENTA E SEIS EUROS con CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (223.076,51 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 38.715,76 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3420 632 0001 “REDACCIÓN PROXECTO E 1ª ANUALIDADE P. ATLETISMO BALAIOS”, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	223.076,51 €
------	--------------

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

16(669).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA LEPANTO”. EXPTE. 5744/443.

Visto o informe de fiscalización do 26/07/2023, dáse conta do informe-proposta de data 18/07/2023, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral e o concelleiro-delegado da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 19.10.2021 resolveu autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor para a redacción do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA LEPANTO”, a favor da empresa favor de empresa Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones SL.

II.- A devandita empresa presenta trala fase de supervisión, proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA LEPANTO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Francisco Javier Zubía Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO CORENTA E SEIS MIL SEISCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.146.686,64 €).

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Fomento e Servizos, en data 10.10.2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Técnico de Administración Xeral, en data 11.10.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola na rúa Lepanto, un dos viais principais de saída da cidade olívica. O entorno é urbano, nas proximidades da Avda. Gran Vía, Avda de Urzáiz e do nodo entorno intermodal da estación de ferrocarril de Vigo e centro Vialia, dando acceso tamén á Rúa Alfonso XII. As obras a executar se enumeran a continuación:

- Retirada e reposición das instalacións actuais da rúa, coa finalidade de mellorar o servizo.
- Renovación das redes de abastecemento e saneamento, así como o deseño de unha nova rede de pluviais para dar continuidade á rede separativa augas arriba do ámbito de actuación.
- Reposición do firme, afectado polas obras de remodelación dos accesos á cidade e espacio intermodal Vialia Vigo. A nova pavimentación peonil cumprirá cos requirimentos específicos de accesibilidade e resbaladidade.
- Mellorar o entorno urbano mediante a plantación de especies arbóreas e xardineiras, incluída a colocación de novo mobiliario urbano.

- Instalación de sinalización vertical, rede semaforica, así como a sinalización horizontal da calzada.
- Renovación do alumado público na vía pública, mellorando a eficiencia enerxética, aumentando o aforro enerxético e económico, empregando materiais con unha longa vida que permite diminuír o mantemento.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DEZ) 10 meses.

V.- A Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos emite en data 14.07.2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O planeamento vixente, Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, así como o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) e a Revisión de Plan Xeral de Ordenación Municipal coa aprobación inicial, que conforman o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, nesta documentación se clasifica a Rúa Lepanto dentro das vías como Vías tipo IV. Estradas locais.

A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca unha zona de solo urbano consolidado, sendo obras de reposición de servizos urbanísticos e pavimentación. Está delimitada no Plan Especial de Protección (PEEC), encontrándose numerosos edificios catalogados no documento “Plan Especial e Catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos a conservar”, redactado no ano 1991. De acordo cos art. 45 e 46 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as actuacións proxectadas no espazo público considéranse adecuadas e integradas cos bens catalogados no perímetro da actuación e proximidades, e conforme o informe do servizo de patrimonio histórico do Concello de Vigo, as obras atópanse fóra de áreas de protección arqueolóxica, arquitectónica e/ou etnolóxica.

As actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.



Concello de Vigo

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA LEPANTO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Francisco Javier Zubía Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO CORENTA E SEIS MIL SEISCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.146.686,64 €), e con sinatura dixital de data 13 de xullo de 2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(670).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA FOXOS, ENTRE AS RÚAS TRAVESÍA DOS FOXOS 1 E SANJURJO BADÍA”. EXPTE. 5786/443

Visto o informe de fiscalización do 04/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 24/07/2023, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral e o concelleiro-delegado da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 10.05.2022 resolveu autorizar o gasto e adjudicar o contrato menor para a redacción do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA FOXOS, ENTRE AS RÚAS TRAVESÍA DOS FOXOS 1 E SANJURJO BADÍA”, a favor do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil Diego Conde Rodríguez.

II.- A devandito enxeñeiro presenta trala fase de supervisión, proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA FOXOS, ENTRE AS RÚAS TRAVESÍA DOS FOXOS 1 E SANJURJO BADÍA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E UN MIL CATROCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (71.473,09 €)

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Fomento e Servizos, en data 10.11.2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Técnico de Administración Xeral, en data 11.11.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- As actuacións que se enmarcan neste proxecto atópanse localizadas na súa totalidade na rúa Foxos pertencente á parroquia de Teis no Concello de Vigo. A lonxitude do tramo afectado será de 191 m, comprendidos entre a rúa Travesía dos Foxos ata a intersección coa rúa Sanjurjo Badía. As obras comprenden o tramo entre os números 42 e 62 da rúa Foxos na súa marxe dereita, enlazando así con dous tramos de beirarrúas xa existentes e dando continuidade á actuación levada a cabo en anos anteriores.

Os traballos a levar a cabo enuméranse a continuación:

- Novos tramos de beirarrúas que se executarán mediante un pavimento de formigón de 20 cm de espesor, armado con mallazo e acabado superficial con rodillo ou cepillo. Inclúese o encofrado polo borde exterior da beirarrúa e formación de berenjeno. A beirarrúa contará cun ancho homoxéneo de 1,50 m. Como subbase da beirarrúa se executará unha capa de zahorra artificial de espesor medio 20 cm.

- Para a formación dos vados de pasos de peóns se utilizarán baldosas de cemento de releve direccional o de botóns, de dimensións 40x40 cm. Se colocará con morteiro de cemento sobre unha base de formigón en masa de 10 cm de espesor e unha subbase de zahorra artificial de 20 cm de espesor.

- Nos vados de garaxe de acceso a fincas particulares se realizará o rebaixe no borde da beirarrúa de forma que se facilite o acceso aos vehículos. O número total de garaxes é de 6 unidades.



Concello de Vigo

- O novo desnivel creado na beirarrúa se protexerá cunha varanda de aceiro galvanizado pintado, de 90 cm de altura e formada por barrotes verticais. A lonxitude total de varanda necesaria para protexer as zonas peonís ascende a 13,50 m.
- Reposición dos cruces de calzada con mezcla bituminosa en quente tipo AC16 SURF 50/70 D de 5 cm de espesor.
- Execución de novas canalizacións de recollida de augas pluviais ao longo do tramo de beirarrúas previsto. Se executará un novo ramal de 155 m de lonxitude que circulará polo marxe dereito por debaixo da nova beirarrúa. Esta canalización será de PVC SN4 de 315 mm de diámetro. Se executarán 8 sumidoiros de calzada con reixa de fundición C-250 tipo onda o similar. Se executarán 6 unidades de arquetas de rexistro de dimensións interiores 40x40x50 cm con tapa de fundición C-250 para o conxionado das baixantes de tellado e derivación cara o colector de pluviais. Igualmente se executarán pozos de rexistro de 1 m de diámetro interior e altura mínima de 1 m, con tapa e marco de fundición D-400. O número de pozos será de 9 unidades.
- Colocación de canlóns de formigón polímero con reixa de fundición C-250 de 20 cm de ancho para instalar nos lugares nos que se pode producir acumulación de auga ou entrada de auga cara a portais ou garaxes. A lonxitude total de canlón a instalar será de 6 m.
- Se executará unha nova canalización para o futuro soterramento do cableado de alumado público. A canalización estará formada por tubos de polietileno corrugados con acabado liso interior. A sección da canalización será de 2 tubos de 110 mm de diámetro + 1 tubo de 63 mm de diámetro para os tramos nos que a rede circule baixo a beirarrúa. Para os cruces de calzada a sección tipo estará formada por 4 tubos de 110 mm de diámetro + 1 tubo de 63 mm de diámetro. En total a rede prevista ten unha lonxitude de 150 m. Se executarán arquetas de rexistro de paso ou baixo beirarrúa de dimensións interiores 40x40x100 cm, con tapa e marco de fundición C-250 e con anagrama do Concello de Vigo. O número de arquetas previstas baixo beirarrúa será de 4 unidades. Para os cruces de calzada as arquetas terán unhas dimensións interiores de 60x60x100 cm. O número de arquetas de cruce de calzada previstas é de 3 unidades. Se realizará a previsión para a colocación de báculos na nova beirarrúa, para elo se executarán as cimentacións para recibir a columna de alumado de dimensións 80x80x100 cm.
- Recolocación de 4 sinais retiradas previamente correspondentes a carteis indicativos de direccións.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (2) DOUS meses.

V.- A técnica Media de Obras Públicas emite en data 30.01.2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

Toda a zona afectada pola actuación está clasificada como solo urbano. Considerando que se tratan de obras de reparación e de execución de beirarrúas e instalacións enterradas de recollida de augas pluviais e alumado público, se cumpre coas exigencias definidas no PXOU e na lei do solo vixente.

A rúa Foxos pertence ao sistema viario clasificado como “Sistema local Viario”, que comprende os terreos e infraestruturas que completan o acceso rodado e peonil público desde o sistema xeneral viario aos edificios e terreos.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:



Concello de Vigo

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “**HUMANIZACIÓN DA RÚA FOXOS, ENTRE AS RÚAS TRAVESÍA DOS FOXOS 1 E SANJURJO BADÍA**”, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil Diego Conde Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E UN MIL CATROCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (71.473,09 €), asinado dixitalmente en data 28 de outubro de 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(671).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DEL PARQUE CAMILO JOSÉ CELA EN EL MARCO DEL PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXT-GENERATION EU.””EXPTE. 5936/443.

Visto o informe de fiscalización do 04/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 02/08/2023, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 23.11.2022 resolveu autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor para edacción da adecuación do proxecto de renovación do Parque Camilo José Cela á liña de axuda no marco do PRTR' a prol da empresa Parrilla Ingeniería y Construcción SLU (B27768852).

II.- A devandita empresa presenta trala fase de supervisión, proxecto de “RENOVACIÓN DEL PARQUE CAMILO JOSÉ CELA EN EL MARCO DEL PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXT-GENERATION EU”, redactado polo Enxeñeiro Industrial Carlos Gustavo Parrilla, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS NOVENTA E CATRO MIL NOVE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (394.009,71 €)

III.- O Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 08.03.2023 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Técnico de Administración Xeral, en data 09.03.2023 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola no Parque Camilo José Cela, na zona do parque infantil, na pista deportiva e na área bio-saudable, e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir:

- Desmontaxe e retirada dos elementos do parque infantil actual, das porterías da pista deportiva e das máquinas da zona bio-saudable existente.
- No parque Infantil instalárase un pavimento de caucho anti-impactos e a instalación de reixas

“anti-cán” nas entradas.

- Instalaranse xogos de temática literaria, unha cama elástica hexagonal, un balancín resorte, un columpio con hamacas, un conxunto de presas de escalda con temática abecedario e nove unidades de semiesferas de diferentes cores.
- No parque infantil tamén se instalarán unha papeleira, dous bancos, unha fonte e carteis informativos.
- O pavimento da pista deportiva existente verase reparado nas zonas que están deterioradas e darase un saneo con hidrolimpiadora previo ao pintado final.
- A pista deportiva veráse renovada coa instalación de dúas multi-porterías, bancos con e sin respaldo, unha papeleira e carteis informativos.
- O pavimento da zona bio-saudable verase substituído por un de caucho anti-impactos e por un de xabre separados entre eles por bordo de formigón prefabricado.
- A zona bio-saudable verase dotada con unha roda de estiramento e torsión, unha bicicleta elíptica, un air runner e barras paralelas. Así como carteis informativos e unha papeleira.
- En canto á iluminación actuarase no parque Infantil coa instalación de dúas luminarias novas sobre columnas, dúas novas columnas con proxectores para mellorar a iluminación da pista deportiva.
- Mellorarase tamén o servizo de recollida de augas pluviais na zona do parque infantil pegado á rúa Conde de Torrecedeira.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

V.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) de data 05.07.2023, autorizando á execución das obras proxectadas, por atoparse dita actuación no contorno de protección dun xacemento arqueolóxico catalogado no Catálogo do PXOM do Concello de Vigo.

VI.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e a Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal emiten en data 01.08.2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

A actuación non contempla afeccións ao entorno do parque de Camilo José Cela xa que tódalas actuacións teñen lugar dentro do mesmo.

A pesares de que o Parque de Camilo José Cela atópase na zona de afección do Aeroporto de Vigo o redactor do proxecto emite informe en data 28 de xullo do 2023 polo cal expón o seguinte:

Tendo en consideración que aínda que as obras propostas atópanse dentro da zona de servidume



Concello de Vigo

aeronáutica, as devanditas obras en ningún momento presentan unha altura superior a xa existente das edificacións residencias que bordean o parque de Camilo José Cela.

E en consecuencia como redactor do proxecto considérase que non e preciso o requirimento da autorización, por non elevar o perfil existente no seu entorno.

Polo descrito anteriormente non se solicita permiso a AESA (AGENCIA ESTATAL DE SEGURIDAD AÉREA)

Por outra banda o ámbito de actuación do proxecto sitúase no entorno do xacemento arqueolóxico Marqués de Valterra – Juan Ramón Jiménez, ben catalogado no planeamento municipal do Concello de Vigo, polo que foi necesaria solicitar autorización por parte da Consellería de Cultura e Patrimonio da Xunta de Galicia, sendo recibido o informe favorable en data 05 de xullo do 2023 autorizando as obras recollidas no proxecto “RENOVACIÓN DEL PARQUE CAMILO JOSÉ CELA EN EL MARCO DEL PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXT-GENERATION EU”.

Non é necesario ningún permiso sectorial adicional.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“RENOVACIÓN DEL PARQUE CAMILO JOSÉ CELA EN EL MARCO DEL PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXT-GENERATION EU”**, redactado polo Enxeñeiro Industrial Carlos Gustavo Parrilla, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS NOVENTA E CATRO MIL NOVE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (394.009,71 €), asinado dixitalmente en data 10 de marzo de 2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(672).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONTROL DE ACCESOS E ATENCIÓN AO PÚBLICO NO PARQUE ZOOLOXICO DEPENDENTE DA CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11988/612.

Visto os informes xurídicos de data 02/08/2023 e 9/08/2023 e o informe de fiscalización do 04/08/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/08/2023, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a concelleira-delegada de Medio Ambiente, a concelleira-delegada da Área de Goberno e polo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:



Concello de Vigo

Debido a necesidade de contratación do servizo de control de accesos e atención ao público nas instalacións de VigoZoo pertencente á Concellería de Medio Ambiente e nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse dun servizo de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun procedemento de licitación para dito servizo.

Polo tanto, neste proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP) no que se pretende cubrir as necesidades deste servizo para garantir o bo funcionamento do mesmo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, o requisito de facelo se xustifica en que para cubrir as necesidades derivadas do control de accesos ás instalacións de VigoZoo. O contido do contrato supoñe cubrir as necesidades de control de acceso, venda de entradas e xestión da recadación destas instalacións.

Como consecuencia do anterior, con data de 8 de maio de 2023, a Concelleira de Área de Medio Ambiente, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público nas instalacións de VigoZoo.

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo e o Xefe de Servizo de Medioambiente o 08/05/23 e pola Concelleira de Medio Ambiente coa mesma data.
2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente para o inicio do expediente do 08/05/23.
3. Memoria económica asinada polo Director de Réxime Interior, o Xefe de Servizo de Medio Ambiente e Consumo, a Concelleira Delegada de Medio Ambiente de data 17/07/2023 e o Concelleiro de Orzamentos e Facenda de 18/07/2023.
4. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo, o Xefe de Servizo de Medio ambiente e Consumo o 18/07/2023 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente o 19/07/2023
5. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 18/07/2023.
6. Informe emitido pola Técnica de Administración Xeral o 26/07/23, sobre a comprobación documental do expediente.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefe de Área de Contratación e novos proxectos o 26/07/2023.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na contratación do servizo de control de accesos e atención ao público nas instalacións de VigoZoo.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (187.550,18 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (32.550,03 €) e o valor estimado (155.000,15 €). A execución do contrato abrangue 2 anualidades (IVE incluído).

- VIGOZOO (337.1. 227.99.00)

	Importe	IVE	Total
2023	13.911,24 €	2.921,36 €	16.832,60 €
2024	76.920,33 €	16.153,27 €	93.073,60 €
2025	64.168,58 €	13.475,40 €	77.643,98 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria indicada no parágrafo anterior.

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na LCSP.

Este servizo nas instalacións da Concellería de Medio Ambiente poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.



Concello de Vigo

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 2 anos en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual, e serán conformadas polo responsable do contrato. O importe total de cada factura será a cantidade anual dividida por 12 mensualidades.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Director de Réxime Interior VigoZoo.

j) Seguro

O adxudicatario deberá subscribir ao seu cargo un programa de seguros cuxos importes nunca sexan inferiores aos obrigados segundo as leis e normas vixentes.

En canto ao seguro de responsabilidade civil e danos, este deberá cubrir as obrigacións derivadas dos riscos que sinala o artigo 5.1.c.6ª do Regulamento de Seguridade Privada (Real Decreto 2364/1994, de 9 de decembro). En concreto, os seguros deberán ser dun importe mínimo de 200.000,00 €. Tamén corresponde o seguro de responsabilidade civil obrigatorio de vehículos empregados na realización do servizo.

3.- **Criterios de adxudicación e ponderación**

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable o 08/06/23, explícanse e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 7 das FEC prevese a valoración dos criterios:

- 1.- Plan de Organización do Servizo: valorarse ata un máximo de **30 puntos**.
- 2.- Redución do prezo do contrato: valorarse ata un máximo de **70 puntos**.

4.- **Revisión de prezos:**

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de control de accesos e atención ao público no parque zoolóxico dependente da Concellería de Medioambiente do Concello de VigoZoo. (exp.11988-612)

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 18/07/23 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral con data 26/07/23.

TERCEIRO.- O importe máximo do contrato plurianual é de 187.550,18€, sendo o importe correspondente ó IVE a soportar pola Administración (32.550,03 €), do cal autorízase o gasto de 16.832,60€ para o ano 2023 e subordínase a autorización do gasto de 93.073,60€ para o ano 2024 e 77.643,98€ para o ano 2025, á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ó artigo 174 do TRLFL. O financiamento do contrato de servizos será con cargo á partida 3371.227.99.00.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(673).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha interrupción neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE



Concello de Vigo

Abel Caballero Álvarez